



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE
DECEMBRO DE 2010**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

FALTAN:

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro do PSdeG – PSOE
D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día dous de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO AO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADICADA EN A SAGRADA-CODESEDA.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS/AS A SEGUNDA ACTIVIDADE.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEA.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE OCA.
6º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE CODESEDA.
7º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE ENSINO PÚBLICO.

8º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE Nº 1/2010 DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS.
------	--

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

9º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2010.
10º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE NOVIEMBRE DE 2010. Conformes todos os Concelleiros/as coa redacción da acta, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do catro de novembro de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO AO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADICADA EN A SAGRADA-CODESEDA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

3.- EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADICADA EN A SAGRADA – CODESEDA.

Visto que, este Concello pretende promover a obra contemplada no proxecto MODIFICADO DE BEIRARRÚAS NA SAGRADA E.P. 7001 ESTRADA- FORCAREI, asinado polo Enxeñeiro, D. Alfredo Montero Vaz e polo Director de Infraestruturas, D. Agustín Hernández Fernández De Rojas, de data Xullo de 2008, cun orzamento de execución por contrata de 290.000,00 €.

Visto que, en data 09.10.08, RE 12296, a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra puxo en coñecemento deste Concello a aprobación do Proxecto indicado por parte da Xunta de Goberno Provincial, na súa sesión de data 01.10.08, ao tempo que premou para acadar a dispoñibilidade dos terreos co gallo de rematar as obras pendentes.

Visto que, se detectou un impedimento para a execución das obras proxectadas, referido a que parte dos terreos afectados, superficializados en 57,00 m2 (diante da edificación nº 19), e en 41,00 m2 (terrazza existente diante da edificación nº 21) están ocupados respectiva e indebidamente por D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis, e, por D. Alfonso Fernández Castro, dado que, segundo a documentación e informes recabados no expediente que se instrúe dende fai meses en residencia municipal, son restos da antiga Feira de Codeseda, para o seu aproveitamento veciñal como terreos comunais, que co paso do tempo e as ampliacións da estrada provincial, quedaron como marxinais e separados do todo o que no seu momento foi a citada Feira.

Visto que, a súa desocupación sería precisa para acreditar a dispoñibilidade dos terreos, no marco do replanteo previo da obra citada.

Visto que, coa desocupación dos 2 segmentos, se podería asinar, sen máis, a amentada Acta favorable de replanteo previo da obra tantas veces indicada, ao quedar superados todos os impedimentos formais e materiais inicialmente detectados.

Visto que, perante a insuficiencia dos medios municipais, o Concello, baseándose na suxestión expresa do Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal contida nos seus informes, contratou os servizos da mercantil especializada Ceres Oficina Técnica Agrícola, S.L. , co gallo de efectuar un levantamento topográfico con memoria conclusiva, previo estudo dos antecedentes analizados e previa investigación, co gallo de discernir a propiedade privada da pública, aos efectos da sinatura da preceptiva e sinalada Acta de replanteo previo da obra de referencia.

Visto que, este informe pericial foi realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. José Constenla Pego, en data 04.02.10 (visado nº 20100119, do 04.02.10), concluindo que, os terreos superficiados en 57,00 m2 (diante da edificación nº 19), e os terreos superficiados en 41,00 m2 (terrazza existente diante da edificación nº 21), son restos da antiga Feira de Codeseda, para o seu aproveitamento veciñal como terreos comunais.

Visto que, en data 05.02.10 RS 929, a Alcaldía-Presidencia solicitou á Inspección-Xefatura da Policía Local informe sobre a titularidade dos terreos de 57,00 m2 e de 41,00 m2 anteriormente identificados; respostando este Corpo en data 12.02.10 RE 1574, para concluír que, tralas averiguacións oportunas, as devanditas superficies son de titularidade comunal.

Visto que, en data 05.02.10 RS 928, a Alcaldía-Presidencia interesou á Xerencia Territorial do Catastro informe/certificación acreditativa da titularidade das superficies de referencia; respostando esta o día 26.02.10 RE 2178, para indicar, entre outros extremos, que da Base de Datos Catastral non se pode deducir a titularidade de ambas as dúas porcións de terreo.

Visto que, en data 05.02.10 RS 926, a Alcaldía-Presidencia solicitou á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra informe/certificación que aseverase se os devanditos tramos de terreo son ou non de titularidade provincial, co apercibimento de que se non se recabase resposta expresa no prazo de 15 día hábiles, o Concello presumiría que non son de titularidade provincial. Respostou a dita Entidade Provincial o día 02.03.10 RE 2343, para ratificar o seu informe do 13.03.09.

Visto que, en data 05.02.10 RS 925, a Alcaldía-Presidencia solicitou informe/certificación sobre a titularidade das ditas superficies ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada; non constando expresa resposta, salvo erro ou omisión.

Visto que, en data 05.02.10 RS 930, a Alcaldía-Presidencia solicitou da Alcaldía de Barrio da parroquia de Codeseda informe sobre a titularidade dos terreos; non constando o seu recabado, salvo erro ou omisión.

Visto que, en data 05.02.10 RS 931, a Alcaldía-Presidencia solicitou informe/certificación ao Sr. Cura Párroco da Igrexa de Codeseda sobre a posible titularidade dos terreos por parte do Arcebispado de Santiago de Compostela; baixo apercibimento de que de non respostar expresamente no prazo de 15 días hábiles, o Concello presumiría que non son titularidade do dito Arcebispado. Salvo erro ou omisión, non consta resposta parroquial.

Visto que, en data 05.02.10 RS 927, a Alcaldía-Presidencia solicitou informe/certificación ao Arcebispado de Santiago de Compostela sobre a posible titularidade dos terreos por parte do mesmo; baixo apercibimento de que de non respostar expresamente no prazo de 15 días hábiles, o Concello presumiría que non son titularidade do dito Arcebispado. Salvo erro ou omisión, non consta resposta do Arcebispado.

Visto que, en data 17.02.10, o Sr. Alcalde-Presidente recibiu da representación legal dos presuntos invasores demaniais, en mán, copia do expediente particional testamentario dos bens da causante, Dna. Carmen Valladares Salgado, asinado polo Perito Agrícola D. José Andión Barros, en data 1975, así como copia da escritura de aportación ao matrimonio dos cónxuxes, D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis, incorporada ao protocolo da notaria, Dna. Almudena Romero López, co nº 399 (do día 20.12.05), que se remitiu en igual data (RS 1242) a Ceres, Oficina Técnica Agrícola, S.L. para o seu estudo e contraste coa documentación que baseou o seu primeiro informe pericial do 04.02.10 e así determinar expresamente se esta nova documentación desvirtuaba o seu inicial traballo pericial ou, pola contra, servía para ratificalo.

Visto que, en data 01.03.10 RS 1613, a Alcaldía-Presidencia, aos efectos do sinalado no parágrafo precedente, puxo tamén en coñecemento de Ceres, Oficina Técnica Agrícola, S.L. a documentación

achegada polo Ministerio de Economía e Facenda (Xerencia Territorial do Catastro) anteriormente identificada.

Visto que, en data 30.03.10 RE 3506, Ceres, Oficina Técnica Agrícola, S.L. achegou o informe pericial complementario do Enxeñeiro Técnico Agrícola, Sr. Constenla Pego, de data 26.03.10 que, á vista da documentación inicialmente obrante no seu poder maila facilitada nas últimas semanas pola Alcaldía-Presidencia, ratificou en todos os seus puntos o contido do seu informe de data 04.02.10, concluíndo así que, os terreos ocupados de 57,00 m2 e de 41,00 m2 son restos da antiga Feira de Codeseda que, co paso do tempo e as ampliacións da estrada provincial, quedaron como marxinais e separados do todo o que no seu momento foi a citada Feira, para o seu aproveitamento polos veciños como terreos comunais.

Visto o informe xurídico do Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo, de data 21.04.10.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal de data 19.05.10 que, entre outros extremos, conforma a metodoloxía e conclusións dos traballos externalizados de Ceres, Oficina Técnica Agrícola, S.L. .

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06.09.10 (punto 15 da Orde do Día) que, entre outros extremos, incoou procedemento de recuperación demanial e outorgou audiencia aos ocupantes do terreo comunal.

Vistos os escritos presentados polos ocupantes en data 23.09.10, R.E. nº 11475 e 11476, formulando alegacións/ recurriendo en reposición os pronunciamentos do dito acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola, Sr. Brea Villaverde, de data 28.10.10, emitido sobre os ditos escritos, así como o de Ceres, Oficina Técnica Agrícola, S.L. (informe pericial complementario do Enxeñeiro Técnico Agrícola, Sr. Constenla Pego, de data 29.10.10, R.E. 13.105) sobre igual obxecto que, entre outros extremos, ratifican os respectivos propios e desmontan o argüído polos alegantes, ao tempo que salienta, un deles, que os alegantes están a ... "enredar el tema de la titularidad"

Visto o novo informe xurídico do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo, de data 05.11.10, emitido sobre as ditas alegacións.

Vista a toma de razón do estado de tramitación do expediente, efectuada por parte da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15.11.10 (punto 38 da súa Orde do Día).

Visto o informe da Sra. Secretaria Xeral de data 16.11.10 sobre igual obxecto, subliñando que o dito acordo municipal, mixto dende o punto de vista administrativo, en ningún caso supuxo indefensión para os alegantes.

Vistos os arts. 21.1.k, e 22.2.j da Lei 7/ 1.985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 201 e 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e concordantes, ao órgano municipal competente (Concello Pleno, previo ditame da Comisión Municipal Informativa competente por razón da materia), en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio e, especialmente, en aras de posibilitar a sinatura da Acta de replanteo previo da obra proxectada obxecto de mención, favorable ou positiva,

PROPÓN:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición/ rexeitar as alegacións interposto/ formuladas contra os pronunciamentos do acordo mixto adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 06.09.10 (punto 15 da Orde do Día) presentadas en data 23.09.10, R.E. nº 11475 e 11476, polos Sres., D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis; e, a D. Alfonso Fernández Castro; ao quedar suficientemente acreditado nos informes de referencia (dos que se lle xuntará fotocopia cotexada), que están indebidamente invadindo, na radicación indicada, os identificados segmentos ou franxas de terreo comunal de 57,00 m2 e de 41,00 m2, respectivamente.

Segundo.- Exercitar, directamente, unha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ ocupado indebidamente, e así requirir a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María

Manuela Pensado Leis ; e, a D. Alfonso Fernández Castro, para que teñan a amabilidade de desocupar os segmentos ou franxas de terreo comunal de 57,00 m2 e de 41,00 m2, respectivamente, que están indebidamente invadindo na radicación indicada, no prazo de **15 días**:

Ocupante/ invasor.	Superficie invadida.	Custo estimado de execución subsidiaria.
Propiedade da vivenda nº 19	57,00 m2	237,80 € IVE incluído
Propiedade da vivenda nº 21	41,00 m2	576,13 € IVE incluído

; baixo pena da inmediata execución subsidiaria municipal (que comezará o día seguinte ao da expiración do dito prazo, no caso de non se rematar a desocupación polas persoas nomeadas), sen outro apercibimento que o presente, e á súa costa (gastos estimados provisoriamente no informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal de data 19.05.10, nos importes indicados no cadro contido no apartado precedente); e, dirixida facultativamente polo dito Enxeñeiro T. Agrícola Municipal .

Terceiro.- Notificar este acordo/ resolución a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis (estrada a Forcarei, 19 A Sagrada- Codeseda); e, a Alfonso Fernández Castro (estrada a Forcarei, 21 A Sagrada- Codeseda), para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Notificar este acordo/ resolución ao Sr. Enxeñeiro T. Agrícola Municipal, para coñecemento e efectos.

Informará á Autoridade, unha vez transcorrido o prazo, en relación coa observancia/ inobservancia do acordo plenario en forma e prazo por parte das persoas requiridas e, en caso de incumprimento, dirixirá os traballos de desocupación cos medios técnicos e os prácticos necesarios, para o que se coordinará coa Inspección- Xefatura da Policía Local, tra-lo que elevará informe do actuado ao Concelleiro- Instructor.

Quinto.- Notificar este acordo/ resolución ao Sr. Inspector Xefe da Policía Local, para coñecemento e efectos.

Sexto.- Notificar este acordo/ resolución á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento e efectos.

INTERVENCIONS:

Sr. López Campos, do PP: Boa tarde, con este primeiro punto que imos tratar hoxe parece que volvemos a tres anos atrás, creo que o PP, dende que estamos na oposición reclamamos por activa e por pasiva en máis de dez ocasións o desbloqueo e a continuación do trámite das beirarrúas de Codeseda, un proxecto que deu moitos titulares e moito que falar a nivel social no que é a parroquia de Codeseda. É aquí unha mostra clara de como xestiona o Goberno Municipal os problemas cando ten que actuar e tomar decisións e cando depende das decisións que tome a axilización e a tramitación dos proxectos e este caso é un caso claro desa deixadez de funcións cando o PP, xa o dixen antes en varias ocasións lle requiriu ao Goberno Municipal que actuase e que tomase as rendas deste proxecto e desta actuación que quedou paralizada hai máis de 3 anos. Nesta liña, xúrdennos moitas dúbidas de cal foi o papel feito polo Goberno, sabemos que houbo reunións entre os veciños afectados e o resto dos veciños da parroquia, sabemos que houbo principios de acordo cos propios veciños afectados para buscar unha solución intermedia, tamén sabemos que unha vez que estaba practicamente pechada esa solución intermedia o Goberno tomou a decisión de facer un referendo público na parroquia para saber se ao final os veciños aceptaban a modificación do proxecto ou non ocupando menos superficie da inicialmente proxectada e realmente hai moitos temas no aires que poñen en dúbida a eficacia da xestión municipal concretamente neste tema das beirarrúas de Codeseda. O que si está claro é que hoxe atopámonos no punto no que o PP dicía que tiñamos que estar hai tres anos e medio, non punto de ocupación dos terreos, no punto de iniciar xa no 2007 o expediente para delimitar a titularidade deses predios que estaban en litixio e

falando do mes de setembro de 2007 a falar do mes de decembro de 2010, practicamente tres anos despois o Goberno Municipal dáse conta de que esa era a decisión que tiña que tomar pero dáse conta tres anos tarde. Creo que foi un problema que se lle causou aos veciños de Codeseda, ademais esa falta de capacidade para xestionar os proxectos causoulles grandes agravios aos veciños e creou incluso situacións pouco recomendables, de enfrontamento veciñal e persoal que eu creo que se tiñan e debían e estabamos obrigados a evitar, pero ao final cando agardamos que as cousas se solucionen soas o que trae moitas veces é que os problemas ao final se enquistan e as solucións sexan máis difíciles. Nós estamos en condicións de aprobar a proposta que se nos fai de ocupación deses terreos e que as obras teñan que rematarse o antes posible, tamén agardemos que este acordo sexa entendido por todos e que non se retrase máis do debido esta urxente e necesaria ocupación para rematar esta obra e que na medida das posibilidades se poñan o antes posible os terreos a disposición da Deputación para poder rematar a obra. Si é verdade que o proxecto non foi levado coa oportuna dilixencia, é certo que quedan moitas cousas no aire e quedan moitas dúbidas de cal foi o papel que tiña a administración e cal era o obxectivo final que o Goberno tiña nas beirarrúas de Codeseda e se finalmente houbo unha vontade clara para desbloquear este tema, pero neste punto, está claro que estamos á hora de tomar esta decisión e como xa dixen 3 anos despois de cando se tiña que ter tomado o Goberno volve a traela ao Pleno e o PP votará a favor.

Sr. Reboredo Baños: Non vou reincidir moito nos comentarios que fixo o compañeiro de oposición, porque nós aquí non temos ningunha dúbida en que o proceso que levou a cabo o Goberno Municipal foi unha aposta de soberbia, de prepotencia, porque quero recordarlles a vostedes que con data 1 de xullo de 2008 estes dous concelleiros presentaron unha moción por vía de urxencia a este Pleno na que explicabamos todo o proceso na que estaban esas obras e propoñiamos ao Pleno tres acordos. O primeiro era que o Pleno do Concello da Estrada inicie con carácter de urxencia o deslinde dos terreos afectados para determinar a súa titularidade. Segundo punto, que de resultar terreos de carácter público se proceda á súa modificación do proxecto de beirarrúas na Sagrada, e terceiro que de resultar en terreos privados, se inicie con carácter de urxencia un expediente de ocupación para expropiación dos mesmos e así poder rematar as obras de acordo coa proposta de beirarrúas en Codeseda. Iso foi no pleno ordinario de xullo e evidentemente vostedes miraron cara outro lado e froito desa soberbia e desa prepotencia desestimou esta proposta e foi rexeitada cos votos en contra do Goberno, pois agora dous anos e medio despois, estamos na situación que tiñamos que estar hai dous anos e medio. É dicir, iniciar un expediente de deslinde; non o fixeron así, vostedes chegan tarde a todos os sitios, chega tarde ao PXOM, chega tarde á Cidade do Moble, chegou ben á Traída do Umia porque deixáronlle o balón na área pequena e por tanto era disparar a gol sen porteiro e consecuencia que os veciños de Codeseda estiveron dous anos e medio sen poder gozar desta importante infraestrutura; vostede ríase, pero isto é o que hai. Vostede dicía daquela que o Concello da Estrada como non era titular dos terreos, non procedía iniciar un expediente de deslinde e resulta que agora os informes técnicos que nós lles pediamos, dinlles claramente que o Concello ten capacidade e potestade para iniciar ese deslinde, e vostede iníciáo. Esa é a norma habitual que vostedes seguen na execución do proxecto e a nós non nos sorprende e aos veciños tampouco.

Sometido o asunto a votación, apróbase o ditame por unanimidade e adóptanse os seguintes **acordos**:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición/ rexeitar as alegacións interposto/ formuladas contra os pronunciamentos do acordo mixto adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 06.09.10 (punto 15 da Orde do Día) presentadas en data 23.09.10, R.E. nº 11475 e 11476, polos Sres., D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis; e, a D. Alfonso Fernández

Castro; ao quedar suficientemente acreditado nos informes de referencia (dos que se lles xuntará fotocopia cotexada), que están indebidamente invadindo, na radicación indicada, os identificados segmentos ou franxas de terreo comunal de 57,00 m2 e de 41,00 m2, respectivamente.

Segundo.- Exercitar, directamente, unha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ ocupado indebidamente, e así requirir a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis ; e, a D. Alfonso Fernández Castro, para que teñan a amabilidade de desocupar os segmentos ou franxas de terreo comunal de 57,00 m2 e de 41,00 m2, respectivamente, que están indebidamente invadindo na radicación indicada, no prazo de **15 días**:

Ocupante/ invasor.	Superficie invadida.	Custo estimado de execución subsidiaria.
Propiedade da vivenda nº 19	57,00 m2	237,80 € IVE incluído
Propiedade da vivenda nº 21	41,00 m2	576,13 € IVE incluído

; baixo pena da inmediata execución subsidiaria municipal (que comezará o día seguinte ao da expiración do dito prazo, no caso de non se rematar a desocupación polas persoas nomeadas), sen outro apercibimento que o presente, e á súa costa (gastos estimados provisoriamente no informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal de data 19.05.10, nos importes indicados no cadro contido no apartado precedente); e, dirixida facultativamente polo dito Enxeñeiro T. Agrícola Municipal .

Terceiro.- Notificar este acordo/ resolución a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dna. María Manuela Pensado Leis (estrada a Forcarei, 19 A Sagrada- Codeseda); e, a Alfonso Fernández Castro (estrada a Forcarei, 21 A Sagrada- Codeseda), para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Notificar este acordo/ resolución ao Sr. Enxeñeiro T. Agrícola Municipal, para coñecemento e efectos.

Informará á Autoridade, unha vez transcorrido o prazo, en relación coa observancia/ inobservancia do acordo plenario en forma e prazo por parte das persoas requiridas e, en caso de incumprimento, dirixirá os traballos de desocupación cos medios técnicos e os prácticos necesarios, para o que se coordinará coa Inspección- Xefatura da Policía Local, tras o que elevará informe do actuado ao Concelleiro- Instrutor.

Quinto.- Notificar este acordo/ resolución ao Sr. Inspector Xefe da Policía Local, para coñecemento e efectos.

Sexto.- Notificar este acordo/ resolución á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento e efectos.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS/AS A SEGUNDA ACTIVIDADE. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada o 28

de outubro de 2010, que transcrito literalmente di:

2.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS/AS A SEGUNDA ACTIVIDADE. A Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, cos votos a favor dos representantes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (3) e do Grupo Municipal do BNG (1), coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2) e co voto en contra do Concelleiro non adscrito D. José Manuel Reboredo Baños (0,5), e propuxo ao Pleno, o seguinte:

1º.- Modificar os artigos 2, 5 e 7 do Regulamento Municipal de pase de determinados funcionarios á segunda actividade, que quedará redactado do seguinte xeito:

“De conformidade co Convenio asinado entre este Concello e os Sindicatos, aprobado polo Pleno en sesión de 19 de maio de 1995 e publicado no DOG do 10 de abril de 1996, nº 70, modifícase agora a súa redacción para adecualo ao recollido no artigo 71 da Lei 4/2007, e posteriormente o que sexa acordado na Catalogación de postos de traballo, para así establecer as condicións nas que determinados funcionarios terán dereito a optar a postos vacantes da segunda actividade.

Artº 2.- Serán destinados á segunda actividade os postos de Conserxe dos Colexios Públicos reservados a funcionarios no cadro de persoal do Concello, ou outros de Conserxe noutras dependencias xunto cos que defina o Catálogo por ser considerados idóneos para este fin.

Artº 5.- Os que soliciten un posto de conserxe dun Colexio Público ou naqueles postos que a Catalogación defina propios para o desempeño dos mesmos, coa excepcionalidade dos que xa están agora ocupados presentarán un certificado médico no que se faga constar que non padecen enfermidade infecto-contaxiosa algunha.

Artº 7.- Os funcionarios que pasen, ou se atopen, en situación de segunda actividade en virtude do artigo 71 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de que os funcionarios que pasen, ou se atopen, en situación de segunda actividade conservarán as retribución básicas (Soldo Base e Trienios) e as complementarias (Complemento de Destino e Complemento Específico).

INTERVENCIÓNS:

Sra. Goldar Soto, do PP: Boa noite; neste punto por parte do Grupo Municipal do PP ten que facer varias precisións para explicar o sentido do voto. En primeiro lugar o que si nos chama a atención é que se lle estea a dar voltas a un tema que entendemos que xa dixo de principio e en primeira orde, debería enmarcarse na negociación dunha RPT; por iso entendemos que existe máis ca unha alegalidade procedemental en canto a intentar coar, como xa se comentou na comisión, pola porta de atrás determinados aspectos que dende logo o seu marco e a súa regulación sería nunha RPT onde efectivamente se contemplasen a optimización dos recursos humanos e como debería facerse. Feita esta advertencia, na que coincidimos totalmente co informe de Secretaría e ao que nos remitimos expresamente de data 19 de novembro deste ano, tamén temos que dicir que este tema foi abordado en ocasións xa nun pleno de decembro de 2008, despois foi retirado da Orde do Día, tamén se introduciu fóra da orde do día na comisión do 25.09.2008 e os argumentos que temos que dicir practicamente son os mesmos ca naquela comisión xa que non cambiou moito o fío argumental no Grupo de Goberno. Finalmente aprobouse no Pleno Extraordinario de 29 de decembro de 2008 esta modificación do Regulamento e agora vén a este Pleno outra modificación máis deste mesmo Regulamento. Posiblemente porque cos votos en contra do PP quitouse adiante unha modificación do Regulamento onde incluso se poñía nese mesmo artigo 7 que tamén se pretende modificar hoxe, que experimentarían todos os incrementos do posto de orixe incluído o complemento de produtividade. Esta certa aberración xa a denunciou o PP no seu momento e supoño que despois, meditada cos sindicatos, que ata onde ten coñecemento esta parte está recorrido polos sindicatos, pois recúase para atrás e ten que facerse unha nova modificación que ao final é o mesmo texto quitando a aberración do complemento de produtividade, a maiores de aboar o complemento de destino e

máis o complemento específico. Por outra banda, a pesares do tempo que transcorreu, hai un estudo económico que xa se pediu no seu día e xa van alá dous anos, que suporía a opción deste acordo e seguimos a descoñecer o que preceptúa o artigo 60 da Lei xeral presupostaria que impide que a Administración faga un gasto sen ter consignación orzamentaria, debendo reforzar a aplicación nestes casos do principio de legalidade orzamentaria e financeira; polo tanto mentres que non se inclúise na RPT o correspondente plus e se establecese que postos de traballo teñen que ter este complemento específico dependendo ese posto de segunda actividade, non podería tampouco nin condenarse ao pagamento do mesmo aínda que concorresen os elementos subxectivos nese funcionario ou nese persoal para que tivese dereito a ese plus e estamos creando unha situación xurídica totalmente inestable, estamos a aprobar algo sen cobertura e intentando meter determinados aspectos que interesan ao Grupo de Goberno con respecto a determinados funcionarios, fóra do marco que se ten que meter que é nunha RPT. Por outra banda tampouco entende e coida que pode haber atisbos de discriminación que este pase a segunda actividade se regule con respecto a determinado tipo de funcionarios, á sazón policía locais e que non se estenda ao resto do corpo de funcionarios, como tamén denunciaron os sindicatos na Mesa de Negociación que se fixo o 11 de novembro deste ano, tampouco se dá ningunha explicación porque unha vez que se regula este pase a segunda actividade porque non se fai para todos os funcionarios. A explicación, é que hai unha Lei de coordinación de policía locais, efectivamente que a hai, pero evidentemente o pase a segunda actividade non afecta só aos policía locais senón que pode afectar a toda a xeneralidade dos funcionarios e evidentemente un peón que polas súas condicións físicas teña unhas limitacións que non poida desenvolver o seu posto de traballo, tamén terá dereito a esta segunda actividade e non se regula. Compartimos igualmente o concepto e a decisión xurídica de Secretaría que é máis que discutible que o Complemento Específico deba integrarse no concepto de retribución complementaria, xa que o Complemento Específico non podemos esquecer que retribúe determinadas características do posto como perigosidade, dedicación, incompatibilidade que non se van dar nesa segunda actividade; si se poden dar nesa segunda actividade si seguise en servizo activo dese corpo, no corpo de policía xa non se dan esas características, co que quedan todos eses focos por matizar e aprobalo así sen máis parécenos aventurado e totalmente fóra de lugar, precisamente pola alegalidade técnica que para nós amosa a modificación no termo en que está regulado. De feito na propia Lei de coordinación de policía locais, na que se basean para dicir que hai que facer esta interpretación, no mesmo artigo 72 a continuación do 71 onde se di que manterá as retribucións básicas e complementarias, tamén fala que estarán sometidos a igual réxime disciplinario e de incompatibilidade agás que desempeñen postos de traballo distintos aos dos corpos da policía local. Establece unha propia excepción este réxime retributivo aplicarase sempre que o pase a segunda actividade sexa, seguíndose mantendo en servizo activo aínda que noutro posto de traballo polas súas características ou polas súas deficiencias psíquicas ou idade cando concorra, pero sen embargo se xa desempeña outro posto de traballo distinto do corpo da policía local, o réxime disciplinario e de incompatibilidades xa non é o mesmo, e preveo a propia lei. Nós non temos nada máis que dicir, creo que está claro, hai unha sentenza do Tribunal Supremo que se se queren ilustrar pódono resumir moito mellor ca esta persoa que está a falar, do oito de xuño de 2009 totalmente recente e que claramente di nun caso similar ao que nos ocupa, respecto ao CE que é unha cuestión de índole económica que debe ser obxecto de negociación colectiva e que o determinante en cada caso concreto establecer que posto de segunda actividade ten que incluírse na RPT con ese CE, xa que non todo pase a segunda actividade implica que se teña que manter ese CE se non se dan esas circunstancias especiais de perigosidade, incompatibilidade, dedicación que retribúe precisamente ese complemento, por iso o noso voto vai ser en contra.

Sr. Reboredo Baños: Volver a reincidir nos mesmos argumentos, nós deixamos moi claro o noso voto na Comisión, nós non temos ningunha dúbida, cremos que

isto é fragmentar a RPT en función dos intereses puntuais que ten o Grupo de Goberno e manifestamos que é discriminatorio polo mero xeito de que non inclúe a todo o persoal funcionario, polo que debería regularse dun xeito que abarcase a todos, imos manter o voto en contra e en todo caso facer unha precisión, e é que pouco lle durou ao BNG o seu desacordo coa RPT e non nos estrañaría que nos próximos días volvesen coa RPT para adiante xa cun acordo dentro do Grupo de Goberno, porque parece a volta atrás e a madeixa de marear.

Sra. López Doce, do BNG: Parece que non estamos diante do mesmo punto que se somete a aprobación, o que imos aprobar neste momento é unha adaptación do Regulamento Municipal de Pase a Segunda Actividade para axeitalo a un artigo concreto da Lei de coordinación de policía local, que lles garante aos policía locais no caso de que pasen a segunda actividade o mantemento das retribucións que tiñan como policía; ben é certo que tanto o informe de Secretaría como o de Intervención recollen que esta modificación debe facerse no marco da RPT e tamén recollen especialmente, recordo no informe de Secretaría que dado que a proposta que houbo de RPT non se aprobou, deberá contemplarse na nova proposta de RPT que no seu día se eleve a aprobación polo Pleno, eu non lle vexo ningún tipo de incoherencia nin de incompatibilidade e dende logo no BNG non compartimos en absoluto argumentos que expuxo a concelleira do PP que deu por seus o Sr. Reboredo Baños neste momento e a única dúbida é se chamarlle a unha parte de CE complemento transitorio para diferenciar cal é o importe de CE do posto de segunda actividade, pero son cuestións técnicas que na práctica nada resolven; o que ten que quedar garantido é que se manteñan as retribucións, e con este cambio mantéñense e o persoal do Concello que está afectado por esta situación ten todas as garantías para percibir as retribucións que por lei lle corresponden, non estamos debatendo ningunha outra cousa, polo tanto non hai ningún tipo de dificultade para o BNG nin cambio de postura.

Sometido a votación o ditame da Comisión de Organización, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta, adóptase o seguinte **acordo**:

1º.- Modificar os artigos 2, 5 e 7 do Regulamento Municipal de pase de determinados funcionarios á segunda actividade, que quedará redactado do seguinte xeito:

“De conformidade co Convenio asinado entre este Concello e os Sindicatos, aprobado polo Pleno en sesión de 19 de maio de 1995 e publicado no DOG do 10 de abril de 1996, nº 70, modifícase agora a súa redacción para adecualo ao recollido no artigo 71 da Lei 4/2007, e posteriormente o que sexa acordado na Catalogación de postos de traballo, para así establecer as condicións nas que determinados funcionarios terán dereito a optar a postos vacantes da segunda actividade.

Artº 2.- Serán destinados á segunda actividade os postos de Conserxe dos Colexios Públicos reservados a funcionarios no cadro de persoal do Concello, ou outros de Conserxe noutras dependencias xunto cos que defina o Catálogo por ser considerados idóneos para este fin.

Artº 5.- Os que soliciten un posto de conserxe dun Colexio Público ou naqueles postos que a Catalogación defina propios para o desempeño dos mesmos, coa excepcionalidade dos que xa están agora ocupados presentarán un certificado médico no que se faga constar que non padecen enfermidade infecto-contaxiosa algunha.

Artº 7.- Os funcionarios que pasen, ou se atopen, en situación de segunda actividade en virtude do artigo 71 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de que os funcionarios que pasen, ou se atopen, en situación de segunda actividade conservarán as retribución básicas (Soldo Base e Trienios) e as complementarias (Complemento de Destino e Complemento Específico).

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

6.- MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEA. A Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, por unanimidade, e propuxo ao Pleno, o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela sita na parroquia de San Xurxo de Vea, lugar do Redondo cunha superficie de 2045 m2, que linda Norte: muro e gabia de cerramento logo máis do herdeiros de Francisco Carballeda Coens e de José Loureiro, Sur: María Puente Eiras, Leste: camiño e Oeste: estrada nova C-541, correspondéndose coa finca nº: 69484 con IDUFIR: 36004000185274 , segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 629, Libro 512, Folio 27, Finca 69484, Inscripción 1ª.

Sobre a finca descrita, atópase o Centro de Saúde de Vea

Para atender ás necesidades sanitarias, tanto preventivas como curativas, demandadas no lugar de Souto de Vea, Parroquia de San Xurxo de Vea, Concello da Estrada, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de programación e Investimentos, resolveu a realización dun consultorio local, a emprazar nunha parcela colindante coa estrada PO-841 Santiago – A Estrada

Os proxectos, tanto o básico como o de execución foron redactados polo Arquitecto D. Santiago Pérez Álvarez, carecendo ámbolos dous de visado colexial.

Segundo a documentación que figura no expediente o edificio foi contruída nunha parcela adquirida enclavada en terreos colindantes coa PO-841, con acceso desde vía municipal.

O inmovible conta con acceso desde camiño municipal pavimentado, conta con suministro de enerxía eléctrica, telefonía, conexión á rede de evacuación e con abastecemento de auga desde pozo propio.

Programa:

Cadro de superficie útil e construída:

Entrada

<i>Vestíbulo</i>	<i>28.08m2</i>
<i>Vestíbulo 1</i>	<i>3.48m2</i>
<i>Vestíbulo 2</i>	<i>3.63m2</i>
<i>Vestíbulo 3</i>	<i>1.12m2</i>
<i>Distribuidor</i>	<i>11.12m2</i>
<i>Pórchese</i>	<i>3.81m2</i>
<i>Recepción / despacho / arquivo</i>	<i>11.95m2</i>

Asistencia Sanitaria:

<i>Medicina Xeral</i>	<i>20.13m2</i>
<i>Sala de enfermería</i>	<i>20.13m2</i>
<i>Consulta polivalente</i>	<i>18.23m2</i>
<i>Sala de curas</i>	<i>18.23m2</i>
<i>Esperas</i>	<i>75.73m2</i>
	<i>152.45m2</i>

<i>Aseo público 3.34m2 x 2</i>	<i>6.68m2</i>
<i>Aseo minusválidos /admon</i>	<i>4.02m2</i>

<i>Aseo polivalente</i>	3.90m2
<i>Oficio limpio</i>	6.21m2
<i>Oficio sucio</i>	3.87m2
<i>Almacén / instalacións</i>	5.87m2
	30.55m2
 <i>SUPERFICIEL ÚTIL</i>	 246.19m2
 <i>SUPERFICIE CONSTRUIDA</i>	 278.50m2

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Que se remita o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por unanimidade os seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela sita na parroquia de San Xurxo de Veá, lugar do Redondo cunha superficie de 2045 m2, que linda Norte: muro e gabia de cerramento logo máis do herdeiros de Francisco Carballada Coens e de José Loureiro, Sur: María Ponte Eiras, Leste: camiño e Oeste: estrada nova C-541, correspondéndose coa finca nº: 69484 con IDUFIR: 36004000185274 , segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 629, Libro 512, Folio 27, Finca 69484, Inscrición 1ª.

Sobre a finca descrita, atópase o Centro de Saúde de Veá

Para atender ás necesidades sanitarias, tanto preventivas como curativas, demandadas no lugar de Souto de Veá, Parroquia de San Xurxo de Veá, Concello da Estrada, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de programación e Investimentos, resolveu a realización dun consultorio local, a emprazar nunha parcela colindante coa estrada PO-841 Santiago – A Estrada

Os proxectos, tanto o básico como o de execución foron redactados polo Arquitecto D. Santiago Pérez Álvarez, carecendo ámbolos dous de visado colexial.

Segundo a documentación que figura no expediente o edificio foi contruída nunha parcela adquirida enclavada en terreos colindantes coa PO-841, con acceso desde vía municipal.

O inmovible conta con acceso desde camiño municipal pavimentado, conta con suministro de enerxía eléctrica, telefonía, conexión á rede de evacuación e con abastecemento de auga desde pozo propio.

Programa:

Cadro de superficie útil e construída:

Entrada	
Vestíbulo	28.08m ²
Vestíbulo 1	3.48m ²
Vestíbulo 2	3.63m ²
Vestíbulo 3	1.12m ²
Distribuidor	11.12m ²
Pórche	3.81m ²
Recepción / despacho / arquivo	11.95m ²
Asistencia Sanitaria:	
Medicina Xeral	20.13m ²
Sala de enfermería	20.13m ²
Consulta polivalente	18.23m ²
Sala de curas	18.23m ²
Esperas	75.73m ²
	152.45m ²
Aseo público 3.34m ² x 2	6.68m ²
Aseo minusválidos /admon	4.02m ²
Aseo polivalente	3.90m ²
Oficio limpio	6.21m ²
Oficio sucio	3.87m ²
Almacén / instalacións	5.87m ²
	30.55m ²
SUPERFICIEL ÚTIL	246.19m ²
SUPERFICIE CONSTRUIDA	278.50m ²

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Remitir o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE OCA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

4.- MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE OCA: A Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, por unanimidade, e propuxo ao Pleno, o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela cunha superficie de 2.500m², que linda Norte, Leste e Oeste a camiño público e oeste: Antonio Fariñas de titularidade municipal, correspondéndose coa finca n.º: 30798 con IDUFIR: 36004000445200, segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 370, Libro 278, Folio 69, Finca 30798, Inscripción 1ª. Figura no Inventario Municipal de Bens co número 128. Natureza do dominio: Comunal.

Sobre a finca descrita, atópaseo Centro de Saúde de Oca, un edificio que consta dunha soa planta. A súa forma corresponde a unha coroa circular comprendida nun arco de 50º con un ancho de 15m, coa seguinte distribución:

1. Área de entrada: _____.

- Vestíbulo / Cortaventos	7.00 m ²
- Recepción e zona de esperas	76.60 m ²
- Arquivo	10.00 m ²

2. Área asistencial: _____.

- Consulta de Medicina Xeral	19.20 m ²
- Consulta polivalente	19.20 m ²
- Consulta enfermería	15.00 m ²
- Sala de tratamento	19.20 m ²

3. Área de educación sanitaria / rehabilitación: _____.

- Sala educ. Sanitaria/rehabilitación	34.30 m ²
---------------------------------------	----------------------

4. Área persoal: _____.

- Vestiarios	2 x 9.20m ²	18.40 m ²
--------------	------------------------	----------------------

5. Área servizos: _____.

- Aseos	2 x 10.50m ²	21.00 m ²
- Aseos minusválidos		3.80 m ²
- Oficinas limpo/sucio (6.30m+6.50m)		12.80 m ²
- Almacén		10.00 m ²
- Cuarto de instalacións		9.20 m ²

6. Apoios especiais: _____.

- Conservación de mostras	11.70 m ²
---------------------------	----------------------

7. Circulacións: _____.

- Corredor	8.80 m ²
------------	---------------------

SUPERFICIE ÚTIL 296.20m²

TOTAL CONSTRUIDA TOTAL 446.17m²

O cerramento do edificio foi realizado con granito da zona en sillares de 22cm, deixando a estrutura de formigón vista na zona de público – piares circulares. O acceso márcase co pórtico, na forma, con columnas de granito.

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Que se remita o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela cunha superficie de 2.500m², que linda Norte, Leste e Oeste a camiño público e oeste: Antonio Fariñas de titularidade municipal, correspondéndose coa finca nº: 30798 con IDUFIR: 36004000445200, segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 370, Libro 278, Folio 69, Finca 30798, Inscripción 1ª. Figura no Inventario Municipal de Bens co número 128. Natureza do dominio: Comunal.

Sobre a finca descrita, atópase o Centro de Saúde de Oca, un edificio que consta dunha soa planta. A súa forma corresponde a unha coroa circular comprendida nun arco de 50º con un ancho de 15m, coa seguinte distribución:

1. Área de entrada:

- Vestíbulo / Cortaventos	7.00 m ²
- Recepción e zona de esperas	76.60 m ²
- Arquivo	10.00 m ²

2. Área asistencial:

- Consulta de Medicina Xeral	19.20 m ²
- Consulta polivalente	19.20 m ²
- Consulta enfermería	15.00 m ²
- Sala de tratamento	19.20 m ²

3. Área de educación sanitaria / rehabilitación:

- Sala educ. Sanitaria/rehabilitación	34.30 m ²
---------------------------------------	----------------------

4. Área persoal:

- Vestiarios	2 x 9.20m ²	18.40 m ²
--------------	------------------------	----------------------

5. Área servizos:

- Aseos	2 x 10.50m ²	21.00 m ²
- Aseos minusválidos		3.80 m ²
- Oficinas limpo/sucio (6.30m+6.50m)		12.80 m ²
- Almacén		10.00 m ²
- Cuarto de instalacións		9.20 m ²

6. Apoios especiais:

- Conservación de mostras	11.70 m ²
---------------------------	----------------------

7. Circulacións:

- Corredor	8.80 m ²
------------	---------------------

SUPERFICIE ÚTIL 296.20m²

TOTAL CONSTRUIDA TOTAL 446.17m²

O cerramento do edificio foi realizado con granito da zona en sillares de 22cm, deixando a estrutura de formigón vista na zona de público – piares circulares. O acceso márcase co pórche, na forma, con columnas de granito.

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Remitir o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MUTACIÓN DEMANIAL SUBJECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE CODESEDA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

5.- MUTACIÓN DEMANIAL SUBJECTIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE CODESEDA. A Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, por unanimidade, e propuxo ao Pleno, o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela sita na parroquia de Codeseda, lugar da Sagrada cunha superficie de 547 m2, que linda Norte: Asociación de Veciños S. Xurxo de Codeseda, Sur: Parcela 512 de Manuela Sieiro Nogueira e Luisa Sieiro Nogueira, parcelas 513 de Josefa Lorenzo Sieiro e 514 de Anunciación Lorenzo Sieiro; Leste: parcela 377 do polígono 309 do Arcebispado de Santiago de Compostela e Oeste: estrada PO 222, correspondéndose coa finca nº: 83761 con IDUFIR: 36004000637278, segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 793, Libro 658, Folio 183, Finca 83761, Inscrición 2ª.

Sobre a finca descrita, atópase o Centro de Saúde de Codeseda, un edificio con forma rectangular e estrutura sinxela e modulada, en planta única. Nun extremo do edificio, sitúase a entrada, que se realiza a través dun pórche cuberto, que permite a espera protexido das inclemencias climáticas. Dende a entrada pásase directamente ao vestíbulo, no que se sitúa un pequeno espazo, para un ordenanza en orixe e que hoxe é o almacén, e dende o que se accede directamente á sala de espera que comunica directamente coa Consulta de Medicina Xeral e coa Consulta de Enfermería, así como co vestíbulo-distribuidor no que se sitúan os dous aseos, o aseo de minusválido e o oficio limpo.

O inmobile conta cunha rampla de acceso exterior e sen desniveis interiores, aseo de minusválidos, e dimensións de pasos suficientes.

Superficies:

Área de entrada:

<i>Entrada exterior cuberta</i>	9.20 m ²
<i>Entrada interior</i>	7.52 m ²

Área asistencial:

<i>Consulta Medicina Xeral</i>	17.81m ²
<i>Sala de Tratamento – Curas</i>	18.02m ²
<i>Sala de espera</i>	23.17m ²

Área de servizos:

<i>Dous aseos</i>	5.70m ²
<i>Aseo minusválido</i>	6.18m ²
<i>Oficio limpo</i>	5.86m ²
<i>Distribuidor</i>	5.77m ²
<i>Almacén</i>	4.72 m ²

TOTAL SUPERFICIE ÚTIL 114.66m²

TOTAL SUP. CONSTRÚIDA: 133.56m²

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Que se remita o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por unanimidade os seguintes **acordos:**

1º.- Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva do seguinte ben:

Parcela sita na parroquia de Codeseda, lugar da Sagrada cunha superficie de 547 m², que linda Norte: Asociación de Veciños S. Xurxo de Codeseda, Sur: Parcela 512 de Manuela Sieiro Nogueira e Luisa Sieiro Nogueira, parcelas 513 de Josefa Lorenzo Sieiro e 514 de Anunciación Lorenzo Sieiro; Leste: parcela 377 do polígono 309 do Arcebispado de Santiago de Compostela e Oeste: estrada PO 222, correspondéndose coa finca nº: 83761 con IDUFIR: 36004000637278, segundo a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade da Estrada, onde se atopa inscrita ao Tomo 793, Libro 658, Folio 183, Finca 83761, Inscripción 2ª.

Sobre a finca descrita, atópase o Centro de Saúde de Codeseda, un edificio con forma rectangular e estrutura sinxela e modulada, en planta única. Nun extremo do edificio, sitúase a entrada, que se realiza a través dun pórche cuberto, que permite a espera protexido das inclemencias climáticas. Dende a entrada pásase directamente ao vestíbulo, no que se sitúa un pequeno espazo, para un ordenanza en orixe e que hoxe é o almacén, e dende o que se accede directamente á sala de espera que comunica directamente coa Consulta de Medicina Xeral e coa Consulta de Enfermería, así como co vestíbulo-distribuidor no que se sitúan os dous aseos, o aseo de minusválido e o oficio limpo.

O inmobile conta cunha rampla de acceso exterior e sen desniveis interiores, aseo de minusválidos, e dimensións de pasos suficientes.

Superficies:

Área de entrada:

Entrada exterior cuberta 9.20 m²

Entrada interior 7.52 m²

Área asistencial:

Consulta Medicina Xeral 17.81m²

Sala de Tratamento – Curas 18.02m²

Sala de espera 23.17m²

Área de servizos:

Dous aseos 5.70m²

Aseo minusválido 6.18m²

Oficio limpo 5.86m²

Distribuidor 5.77m²

Almacén 4.72 m²

TOTAL SUPERFICIE ÚTIL 114.66m²

TOTAL SUP. CONSTRUÍDA: 133.56m²

2º.-Anunciar no BOP e taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións.

3º.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º.- Remitir o acordo adoptado ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de elevar o cambio de titularidade a escritura pública, como figura na cláusula 3ª do convenio asinado.

5º.- Facultar ao alcalde para subscribir a pertinente escritura pública desta cesión, así como as demais actuacións que se deriven do presente expediente.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE ENSINO PÚBLICO. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO ENSINO PÚBLICO. A Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, cos votos a favor dos representantes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (3) e do Grupo Municipal do BNG (1), coa

abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2) e do Concelleiro non adscrito D. José Manuel Reboredo Baños (0,5) , e propuxo ao Pleno, o seguinte:

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia para que a Consellería de Educación:

- 1. Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010.*
- 2. Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010.*
- 3. Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de ensino estea garantida, ademais das partidas necesarias para acometer a reparación do ximnasio do IES Antón Losada Diéguez (85.000 €) e para dotar e cuberta unha das pistas deportivas do mesmo centro (120.000 €).*

INTERVENCIONS:

Sr. López Campos, do PP: Como comentamos na votación anterior e como vimos no segundo punto, no terceiro punto, o Goberno chega tarde mal e arrastro, vímolos nas beirarrúas de Codeseda tres anos e medio despois, vímolos tamén co Regulamento de Segunda Actividade cando incomprensiblemente leva aprobado polo Pleno da Corporación, exactamente este mes hai dous anos, sen ter máis noticias dese Regulamento ata o día de hoxe, curiosamente despois de non poder ser aprobada a RPT ir desgranándoa para ir meténdoa pouco a pouco e conseguir en moitos actos o que non deron conseguido nun só e agora chega o BNG cunha moción que desgraciadamente chega catro anos tarde, desgraciadamente. Porque é triste e vén sendo recorrente ultimamente, supoño que pola pouca capacidade de iniciativa que ten o BNG da Estrada e digo que vén sendo tristemente recorrente nos últimos meses este uso que fai habitualmente o BNG de presentar no Concello da Estrada as mocións tipos que o BNG presenta en todos os concellos de Galicia, todos temos medios de poder acceder á actividade dos grupos municipais do BNG en Galicia e establecen unha serie de moción tipo que van presentando en todos os concellos, esta é unha moción máis adaptada con pinceladas á situación específica da Estrada pero ao final moción tipo, argumentario tipo, presentámola nos 315 concellos e abrimos un debate que por esa pouca preparación demostra tamén a preocupación do BNG nesta oportunidade. É unha mágoa tamén que chegue 4 anos tarde, porque quero recordar que estas demandas que trae o BNG así como outras que existen nos centros educativos, xa veñen sendo reclamadas pola comunidade educativa dende hai máis de 5 anos, non é un tema que vén de hai anos, non é unha problemática que poida ter o IES Antón Losada ou calquera outro centro educativo na Estrada senón que son situacións que veñen arrastrando dende hai moitos anos, pero curiosamente os catro anos de goberno bipartito non se fixo practicamente ningún investimento en ningún centro público do Concello da Estrada, agora curiosamente sacan esta moción que presentan en todos os concellos de Galicia para intentar lavar a cara da súa xestión, pero a xente non esquece tan rápido, pois saben que hai un ano e medio estaban no goberno e non fixeron absolutamente nada. Resulta tamén certamente curioso porque nos Orzamentos que manexou o bipartito no ano 2009 os Orzamentos da Xunta de Galicia, supoñían un importe de 2.000 millóns de euros máis dos que son os actuais Orzamentos da Xunta de Galicia no ano 2010, estamos falando de que practicamente se chegaba aos 13.000 millóns de euros de Orzamento da Administración Autonómica e agora estamos falando duns Orzamentos que case non chegan aos 11.000 millóns, polo que a caída foi de aproximadamente 700 millóns de euros, un 3,5% no ano 2010 e 1.200 millóns de euros, un 11% no ano 2011 co conseguinte problema de que hai que devolver aínda a maiores 2.600 millóns de euros que se recibiron de máis durante os anos 2007 e 2008 de goberno bipartito na Xunta. Estamos nunha situación orzamentaria en Galicia igual ca en todos os concellos moi complicada, pero aínda así hai que facer un esforzo por

priorizar e está claro que con 2.000 millóns de euros menos hai que facer o mesmo ou máis que se facía na etapa do bipartito anterior. E que é o que dá eses 2.000 millóns de euros menos ou eses 11.000 millóns contra os 13.000 que tiña o bipartito hai exactamente hai dous anos?. Pois dá para manter os investimentos na sanidade pública, para blindar os gastos en educación, dá para blindar os gastos en servizos sociais, e dende logo, se hai unha caída de 2.000 millóns de euros, está claro que nalgún sitio hai que recortar, porque de momento a Xunta nin antes nin agora ten a capacidade de crear diñeiro que non ten, e polo tanto que axustarse aos orzamentos reais e que veñen impostos polas restricións orzamentarias do Goberno de España como da situación económica actual. Pero aínda así eu creo que é conveniente e é bo saber que nesa situación económica tremendamente complicada e difícil, vimos ver nestes días que a Consellería de Educación manifesta e anuncia que vai continuar coa tramitación da obra do CEIP Pérez Viondi, que vai supoñer un investimento de dous millóns de euros, investimento por certo que era demandada antes da entrada do bipartito na Xunta de Galicia e non se fixo absolutamente nada máis que mandar un escrito da Delegación de Educación á Xunta de Galicia dicindo cales eran as prioridades de Educación na provincia de Pontevedra, non se fixo absolutamente nada, e neste escenario vemos como a Consellería se compromete a licitar e presentar o proxecto á comunidade educativa e a licitar o proxecto do Colexio P. Viondi por máis de dous millóns de euros no primeiro trimestre do ano que vén. Esa é unha boa nova, e aínda que a Consellería neste momento de situación extrema a nivel orzamentario encontra e é capaz de blindar sanidade, educación e servizos sociais e aínda encontra recursos para poder facer investimentos no Concello da Estrada, os investimentos que se lle negaron reiteradamente durante catro anos de goberno no Partido Socialista e do BNG na Xunta de Galicia, pero á parte de todo isto que acabo de comentar, que eu creo que é relevante e é importante sabelo, e é a realidade, tamén é certo que hai máis deficiencias que as sinaladas na moción tipo do BNG hai máis deficiencias en máis centros educativos, seguramente se facemos unha visita as comunidades escolares deses centros nos poderán dicir unha gran cantidade de problemas que se atopan no día a día dos seus colexios, pero tamén e curiosamente será porque esa moción tipo do BNG non se refire aos CEIP, pero tamén hai grandes deficiencias neses centros de educación que esas obras, gran parte desas obras de mantemento son responsabilidade do Concello da Estrada e curiosamente o BNG olvídase na súa moción de falar dese tipo de obras importantes neses centros educativos porque estaría mal que presentasen unha iniciativa en contra da súa propia xestión, pero é certo e pódollo dicir aquí ademais que nós si temos detectado moitísimas deficiencias nos centros, tanto nos CEIP como nos IES, moitísimas, que unha parte delas son responsabilidade da Xunta de Galicia e outra gran parte delas son responsabilidade do Concello da Estrada e botamos en falta esa sensibilidade por parte do BNG con eses centros educativos nos que se están formando eses cativos que serán o futuro do Concello no día de mañá, polo tanto eu creo que é unha moción oportunista, unha moción falta de iniciativa local e dende logo unha moción encadrada nesa estratexia do BNG que ultimamente se durmiu un pouco nos loureiros e está agardando a que a nivel autonómico lle pasen catro ou cinco mocións tipo e dedicarse a agardar a que pase a lexislatura e polo tanto nós entendemos que se queremos axudar e beneficiar á comunidade educativa na Estrada, hai formas máis que suficientes para xestionar e traballar na mellora deses centros, creo que podemos chegar a moitos acordos de forma conxunta para tratar de mellorar as instalacións educativas e dende logo tamén non debemos menoscabar a importancia que ten ese impulso que esta Xunta de Galicia está a dar á ampliación do CEIP Pérez Viondi, e esa demanda de hai moitos anos desa comunidade educativa que nunca foi atendida e con este Goberno da Xunta de Galicia e e neste escenario orzamentario, a Xunta de Galicia se compromete decididamente a facer e polo tanto cando falemos en serio, cando tratemos os aspectos de forma individualizada e concreta nos casos que afectan ao Concello da Estrada poderemos falar de proxectos e investimentos e mentres tanto que o BNG siga traballando de cara á galería porque dende logo o PP neste tipo de temas non vai apoiálo.

Sr. Reboredo Baños: É unha moción xeralista evidentemente, pero a min confúndeme toda esta historia, é que xa levo un tempo confundido, eu creo que un dos grandes problemas que ten este país é a duplicidade da Administración Pública porque a min dáme a impresión de que a primeira medida que hai que tomar é disolver o Parlamento de Galicia, eu creo que á parte doutras, deputacións, pero o Parlamento de Galicia hai que disolvelo tamén, porque non nos está achegando practicamente nada, resulta que nos temas que lle competen á administración autonómica temos que darlles pautas de resolución dende A Estrada, cando somos incapaces de resolver os problemas que si son competencias desta propia administración, entón dedicámonos a presentar mocións para que se inclúan nos Orzamentos de Galicia cantidades, pero imos ver, ¿A Estrada non ten representantes no ámbito parlamentario como para presentar modificacións puntuais aos orzamentos e emendar eses orzamentos?, por exemplo emendar no Parlamento que a Xunta de Galicia manteña o orzamento destinado a bolsas para o alumnado destinado a estudar idiomas e para rapaces en FP, etc, etc. Iso non lles corresponde ao Parlamento?, pois esquezamos ese tema, e fagámoslles chegar aos grupos parlamentarios as preocupacións da Estrada a través de vía interna e dediquémonos a resolver os nosos asuntos. Por exemplo, que orzamentos dedicamos no Concello da Estrada a resolver esas deficiencias naqueles ámbitos que temos competencias?. Miremos que orzamentos dedica o Concello da Estrada a resolver eses problemas e deses que dedica, cantos inviste, aquí dedicámonos a tratar de resolver competencias que non son propias e polo tanto así vai. Nós non estamos tampouco a favor deste tipo de historias, fundamentalmente porque coincido tamén con José López no sentido de que estas deficiencias veñen de sete ou oito anos, e cando goberna unha cor política resulta que miramos para outro lado e como dicía o Sr. Alcalde non toquemos, porque para non molestar e durante catro anos non diriximos ao bipartito ningún tipo de actuación e logo despois cando somos oposición resulta que imos para molestar, nós nesa estratexia non estamos de acordo e polo tanto estamos en contra deste sistema e entendemos que a quen lles compete, aos grupos que tedes representación parlamentaria facédelles chegar as vosas propostas para que se emenden no Parlamento.

Sra. López Doce, do BNG: En primeiro lugar teño que corrixir ao Sr. López, esta non é unha moción oportunista é unha moción oportuna. Eu creo que todo mundo sabe que o Grupo Municipal do BNG representa ao BNG na Corporación Municipal da Estrada, non somos unha agrupación independente nin unha agrupación de non adscritos, creo que é obvio para todo o mundo e entón efectivamente o BNG ten unha liña política e unha actuación para todo o país e A Estrada tamén forma parte dese país, non somos unha illa illada no medio dun burato negro aínda que ás veces o poida parecer. O Grupo Municipal formulou esta moción por varios motivos, unha porque o cambio de políticas que está efectuando o PP con maioría absoluta á fronte do Goberno Galego, resultan tamén especialmente lesivas tamén para os estradenses, porque ese recorte que se efectúa nos Orzamentos do 2011 dun 35% nas bolsas para realizar prácticas de formación e nun 52% para as bolsas do alumnado que realiza o ensino universitario e outro 35% nas bolsas que se destinan á práctica doutros idiomas no estranxeiro, pero claro co decreto do plurilingüismo supoño que vostede me xustificará a redución, agora os rapaciños e rapaciños van aprender inglés aquí. Eses recortes, á parte dos recortes en investimentos e no mantemento de centros, aféctanlles aos estradenses, aos nenos e nenas que cursan os seus estudos nos centros educativos dependentes da Administración Autonómica que é do que se trata e por iso presentamos esta moción, e ademais eu lamento oír isto do Sr. López, eu agardaba outra argumentación pola súa parte, agardaba escoitar neste Pleno que vostede como acompañante, que o fai bastante, así para saír nas fotos, veñen os seus compañeiros de partido aquí pola Estrada de vez en cando pola Estrada facer algunha fotografía e fan reunións con asociacións de nais e pais e nesas reunións comprométense, como se comprometeron nun curto prazo co ximnasio do IES Antón Losada que van reparar e claro esas asociacións de nais e pais cando consultan os Orzamentos non ven

ningunha partida e preguntan que pasa con isto e non hai partida, pois hai que presentar unha emenda. E Sr. Reboredo, o BNG ten un grupo parlamentario que xa formulou esas emendas e dende logo os parlamentarios do BNG aínda que non fosen electos pola circunscrición electoral de Pontevedra, porque a circunscrición é provincial tamén representan aos estradenses e non fai falta ser veciño ou veciña da Estrada para ter defensa no Parlamento e o Grupo Parlamentario do BNG presentou emendas aos orzamentos e o que nos gustaría como o deputado estradense domiciliado na Estrada o Sr. López Campos, supoño que estará domiciliado aquí, agora ao mellor está noutro sitio, as persoas tamén saben. A min o que me interesa é o fondo, supoño que estará domiciliado nalgún sitio e supoño que na Estrada. Ben, gustaríame saber se vai apoiar esa emenda que vai introducir o BNG aos orzamentos da Consellería de Educación para dar cumprimento a aquela palabra que fixeron pública o xefe territorial da Consellería de Educación en Pontevedra máis vostede que creo que asistiu a aquela reunión. Evidentemente vostede no ano 2007 era membro daquela Corporación e o PP tamén tiña grupo parlamentar e creo que bastante numeroso no Parlamento, entón vostede se nalgún momento botou en falta partidas para os equipamentos educativos da Estrada a non ser que estivese agardando que lle enviasen unha moción feita e non tivese capacidade para facela, podía ter presentado unha proposta que sería aceptada no Pleno desta Corporación, igual que se vostede, tendo detectado deficiencias nos centros educativos, eu véxome na obriga, se son competencia municipal de trasladarllas ao compañeiro da Corporación competente nesa materia, para tratar de subsanalas se é posible, salvo que a vostede non lle interese que se resolvan ou que estea faltando neste momento á verdade e non coñeza ningunha deficiencia que teña o Concello que subsanar porque dende logo como membro do Goberno Municipal cónstame que dende diversas áreas, cultura e deportes fundamentalmente se están facendo investimentos no mantemento dos centros educativos do noso Concello e de competencia municipal dende logo a máis nivel que a Xunta pola súa capacidade e competencias. Eu cando fala vostede de blindar, de que a Xunta blindar os orzamentos en sanidade e servizos sociais, digo eu, e a que iría eu a Compostela o domingo 19 de novembro de novembro a manifestarme con outras 50.000 persoas?, porque iría Sr. López?, porque menuda blindaxe, reducir o financiamento público e meter a sanidade en mans da empresa privada, iso é blindaxe o que lle chama vostede, ou venderlle á empresa privada participación pública no SOGASERSO, desmantelar as oficinas do I+B, iso é a blindaxe que fai dos servizos públicos o PP; dende logo fala vostede de que hai limitacións económicas, efectivamente hai limitacións económicas e hai limitacións para todos, o que non é de recibo é que veña vostede dicindo que esas limitacións fan que priorice o Goberno do PP na Xunta e que non se inclúan partidas suficientes, non que se incrementen, que xa sabemos que non estamos en época de incrementar, pero polo menos que se manteñan as partidas tanto para as bolsas de formación, tanto en linguas estranxeiras como na prácticas da FP como nas axudas para os comedores nos colexios xestionadas polas asociacións de nais e pais e para o ensino universitario, así como que se fagan investimentos, non pode dicir vostede que non hai cartos, cando para o cambio dos libros de texto que están en galego e que vostedes polo decreto que aprobaron na Cámara, contravindo a unanimidade coa que se aprobara o Plan Xeral de Normalización Lingüística e aínda estando en vixencia o decreto anterior, reservan para o curso que vén 2.000.000 € para cambiar os libros de texto que están en galego por libros de texto en castelán enriba dos 6.000.000 € que levan gastados pola aplicación deste decreto no ensino. Non é cuestión de cartos, Sr. López, é cuestión de onde quere gastalos o PP e a onde nos quere levar. Os acordos xa deu lectura a secretaria, non molestan a ninguén, son absolutamente procedentes e oportunos e o que trata esta moción presentada aquí na Corporación da Estrada é de reforzar esa liña e de recordarlle ao Parlamento Galego e ao executivo do PP por onde teñen que ir os Orzamentos da Xunta para o ano que vén, porque aféctanlles as súas decisións aos nosos veciños e veciñas, por iso se presenta aquí esta moción sen prexuízo de que no Parlamento se actúe presentado as emendas que xa veremos como vota o Sr. López.

Sr. López Campos, do PP: Pois creo que imos coincidir en algo, e ultimamente xa está sendo algo habitual, o que ten certo perigo. Coincido co BNG en que na afirmación de que vostedes defenden os intereses do BNG, é verdade e o que fan habitualmente, vostedes non defenden os intereses dos veciños, defenden os intereses electorais de políticos do BNG esa é a súa filosofía e ese é o seu gran problema de fondo e con ese gran problema de fondo o que está conseguindo cada ano que pasa é que ao fondo seguirán indo como van indo nos últimos anos e iso para nós é unha boa noticia que sigan en caída libre, porque dende logo cando un está en política non está para ser un “hooligan” dun partido, está para ser un responsable político que a través dun partido defende os intereses dos veciños, esa é a diferenza entre o PP e o BNG que se dedica unica e exclusivamente a defender os intereses políticos da súa formación frontista, esa é unha gran diferenza e dende logo como lle dixen antes, perfecto ese é o problema de fondo e ao fondo seguirán indo vostedes con esa estratexia. Seguen vostedes tamén coas súas batallas perdidas, son os defensores das causas perdidas, seguen falando o plurilingüismo do decreto, seguen falando do Plan de Normalización Lingüística, seguen sen entender que o día 1 de marzo do ano 2009 houbo unhas eleccións autonómicas e vostedes perderon un goberno que ostentaron durante 4 anos e un goberno dun partido que levaba un compromiso electoral e que respecta os compromisos adquiridos entre as galegas e os galegos. Esa é a diferenza entre os partidos que defenden unhas siglas e outros partidos que defendemos os intereses dos veciños e polo tanto cando intentamos cumprir coa palabra dada, esa é outra diferenza substancial. Segue vostede coa teima, e é certo e verdade e teño que recoñecerlles que aí son vostedes moitísimo mellores que o PP no pancartismo. Seguen vostedes na pancarta e na manifestación, no puño en alto e na súa teima por intentar pelexar contra causas imposibles. Quere que lle diga eu a que foi vostede a Santiago hai 15 días a unha manifestación cunha pancarta?, foi vostede a intentar manipular a opinión pública, iso dígollo eu, foi vostede con compañeiros de viaxe suxeitando a pancarta, compañeiros de profesión do Sr. Alcalde que fan o seu traballo na sanidade privada e critican a sanidade privada, son vostedes cómplices tamén dun goberno que incrementou os concertos sanitarios con centros privados durante a etapa do bipartito en máis dun 40%, iso si que é privatizar a sanidade, outra cousa, son vostedes socios nun Goberno co PSOE que está privatizando todo o privatizable en España, dende aeroportos ata Loterías do Estado e son vostedes socios, cómplices e amigos dese partido, polo tanto que me veña falar a min o BNG de privatización, mírense vostedes mesmos, o que están facendo un Goberno que comparten con eles sillón neste Concello e que ademais compartiron orzamentos durante 5 anos no goberno da nación, cinco anos compartiron presupostos no Goberno do Estado, polo tanto son vostedes cómplices directos e necesarios desta situación, entón que veña do BNG de forma non oportuna como dicía vostede senón de forma oportunista sacar este tema, deixa ben ás claras cal é o interese que teñen vostedes por este tema. A parte resolutoria da moción é calcada literalmente as que presenta o BNG nos 315 concellos de Galicia Sra. López Doce, xa sei que a vostede lle molesta porque ten vostede un moi bo concepto, unha alta estima súa pero realmente é así, vostedes están acomodados e o BNG por desgraza o peor que lle pode pasar é tocar moqueta e sillón e cando tocan moqueta e sillón apoltrónanse, acomodanse e gústalles a boa vida como aos demais, e o problema que ten iso é que ao final a súa rendibilidade política baixa moitos enteiros e despois teñen que recorrer ao típico tópico e ás mocións exprés que é o que están facendo vostedes ultimamente, pero tamén lle contesto a que foron a Santiago, pois a enganar á cidadanía, a mentir, falsear a realidade tamén foron intentar, porque o intentaron co decreto, foron vostedes o único partido na historia que fixo unha manifestación preventiva antes da entrada en vigor do decreto do galego, fixeron unha manifestación antes da entrada do Goberno vixente e democraticamente elixido nas eleccións do 1 de marzo de 2009, fixeron unha manifestación antes da toma de posesión, se vostedes é a súa salsa, por iso é onde se atopan perfectamente e por iso botaban de menos esa dinámica da manifestación e da pancarta e por iso foron vostedes hai 15 días a Santiago, de

paseo e a ir detrás dunha pancarta que é o que realmente lles gusta e ademais todo isto metido nunha manobra de que non asumiron aínda o resultado electoral e a intentar manipular ese resultado saído das urnas o 1 de marzo, e queren gañar nas rúas o que non foron capaces de gañar nunhas eleccións democráticas, iso é ao que foron vostedes a Santiago.

Sr. Alcalde: Non o sei, haberá que pedir un informe técnico ao respecto, é unha modificación de lei e polo tanto haberá que pedir un informe ao xefe da policía a este respecto, pero en calquera caso, concretamente na rúa Antón Losada somos conscientes de que hai algúns problemas de acumulación de auga e pensamos corrixilos cando teñamos oportunidade, pero o que si temos constatado que a consecución de accidentes na rúa Antón Losada é espectacular, é un sitio frecuente de accidentes e queremos que o descenso de accidentes nesa rotonda é significativo, de todos os xeitos pediremos informe ao xefe de cales cumpren e cales non.

Sr. López Campos, do PP: Saber vostede se o non cumprimento destas medidas postas en vigor por parte deses pasos de peóns elevados, implica que calquera posible accidente que se poida producir por calquera posible desperfecto que se poida producir nos vehículos concurriría nunha causa por responsabilidade patrimonial por parte do Concello?.

Sr. Alcalde: O que si sei é que hai catro anos para adaptarse a esa normativa, non sei se se cumpriron ou non se cumpriron, polo tanto son cuestións técnicas que eu se quere pídolle un informe técnico ao técnico responsable para ver como está o tema.

Sr. López Campos, do PP: Fágolle entón un rogo para que emita un informe do técnico municipal competente e que nos faga chegar unha copia dese informe para poder corrixir calquera cousa que poida acontecer ou ver a responsabilidade que poida ter o Concello. Tamén nos chegan xa de forma moi reiterada a situación actual na que se atopan os Xardíns Municipais, despois dunha obra de reforma perimetral no que é o muro de peche, é certo que se detecta que ó que é o mobiliario, tanto bancos como papeleiras e o que son as zonas de xogo infantil que se atopan nun estado bastante deteriorado. É unha zona onde cando a climatoloxía o permite hai unha gran concorrencia de persoas e rapaces, e hai un estado de abandono xeneralizado, sobre todo mobiliario urbano, e a gran maioría dos xogos infantís están rotos e en mal estado e ademais semella que non son suficientes para atender a posible demanda que se pode producir pola acumulación de rapaces nos xardíns municipais, polo que lle queríamos facer un rogo, que é que se acometa de inmediato a reparación do mobiliario urbano e a reparación substitución e ampliación dos xogos infantís, reparación dos que estean en mal estado e ampliación da zona de xogos infantil por esa demanda crecente que existe nos Xardíns Municipais e por parte dos pequenos e pequenas que disfrutan dese espazo de lecer.

Sr. Alcalde: Estou absolutamente de acordo, eu non visito todos os días o parque, entón non sei se hai xogos en mal estado ou non, non me pasou ningún parte a policía nin o encargado, o que si é certo é que se fixo unha mellora substancialmente no aspecto do xardín, sobre todo no perímetro do xardín, no cerramento, como vostede dixo, e o aspecto do xardín mellorou substancialmente, incluso a deambulación para maiores e pequenos. É certo que tamén nós temos detectado que necesitamos un esforzo no tema de xogos infantís, e non se pode facer todo, hai prioridades, a prioridade era facer un xardín acorde co edificio do Concello e con máis seguridade e na medida do posible nos próximos anos trataremos de mellorar as zonas de xogo.

Sr. López Campos, do PP: Tamén nos trasladan queixas dos usuarios das instalacións deportivas, sobre todo de tres instalacións, o anexo ao Coto Ferreiro, segue habendo un gran problema de filtración de auga e calquera que se achegue a ese pavillón, os caldeiros e toda a cantidade de utensilios que hai que ter para recoller esas augas, a verdade é que dificultan claramente a práctica da actividade deportiva e gustaríanos saber en que situación está esa reclamación por parte do Concello á empresa que executou a obra e cando vai ser o prazo para poder resolver esa problemática.

Sr. Castro Blanco do BNG: A situación actual do expediente, segundo nos explicou o avogado Carlos Palmou é que a sentenza está gañada polo Concello, hai que dicir que é moito menos ambiciosa que o que agardabamos na primeira demanda, e está

en torno aos 36.000 € así que imos ter un problema con respecto a esas reparacións, pero con respecto a esa pregunta, dicir que estamos pendentes de que o xulgado notifique o ingreso por parte da empresa Alcuba desa cantidade que se lle manda, para poder ser contratada, porque non podemos adxudicar antes de que se nos ingrese ese diñeiro.

Sr. López Campos, do PP: E no que respecta tamén ás instalacións deportivas, as queixas máis habituais tamén nos levan á situación actual do que chamamos de toda a vida frontón, que tamén ten un grave problema de goteiras e condensación e un problema tamén, eu tiven a oportunidade de estar alí hai pouco, con bastante deterioro que se atopan os vestiarios que están na parte inferior da grada, que non prestixian a actividade deportiva que se está a desenvolver alí e preguntamos se o Concello ten pensado facer algún tipo de actuación para mellorar estas instalacións.

Sr. Castro Blanco do BNG: Si, actualmente xa no Coto Ferreiro no pavillón actual estase facendo con medios propios o pintado das paredes que están bastantes deterioradas, e logo seguiremos con ese tipo de actuacións na reposición de luces e no que se refire ás goteiras é outro problema estrutural que temos nas instalacións deportivas, e o concelleiro José A Maceira poderalle explicar que el xa sufriu eses problemas, ese tellado require dun investimento moi grande. Eu non dixen iso, dixen que podía dar constancia do que pasaba, hoxe pasa moito máis, entón seguiremos facendo obras de mantemento regularmente onde sexan necesarias, pero o que son grandes reformas todos sabemos como están as cousas aquí a nivel de investimentos e esa nalgún momento puido ser unha obra prioritaria, pero dende logo agora non o é, sendo máis prioritaria neste momento a obra do multiusos, porque ocasiona o que é o deterioro do parqué, un dano que evidentemente é máis caro e necesítase moito máis.

Sr. López Campos, do PP: Se é prioritario, necesitaría una actuación máis rápida por parte do Goberno, e se estamos pendentes dunha sentenza que ten as súas dúbidas porque a empresa eu creo que está en suspensión de pagamentos e pode haber certos problemas aínda que a sentenza sexa firme, o pagamento xa é máis relativo, pola información que eu teño. E tendo en conta que é unha actuación prioritaria e as palabras de que o Concello se vai ver con problemas por ser claramente insuficiente a cantidade que emana desa sentenza, pois tampouco se vería de máis que foi unha mágoa que a través dos fondos que se manexaran do Plan E que non se houbese pensado en reparar esa obra prioritaria.

Sr. Castro Blanco do BNG: É que se está no xulgado non podemos tocar esa obra.

Sr. López Campos, do PP: Se hai sentenza firme si.

Sr. Castro Blanco do BNG: Xa, porque agora tocamos fondo.

Sr. Alcalde: En todo caso creo que non é conveniente entrar en debates xurídicos a estas horas.

Sr. López Campos, do PP: Eu aguanto alcalde, que a miña idade permíteme seguir debatendo.

Sr. Alcalde: É un tío preparado.

Sr. López Campos, do PP: Non dixen que estaba preparado, dixen que estaba en forma, fisicamente encóntrome en forma, entón son capaz de soste este tipo de debates incluso a estas horas da noite. Pois se é tan urxente sería conveniente que o acometesen de inmediato, porque é certo que o dano que se lle está facendo ao chan do anexo do Coto Ferreiro é dificilmente reparable, a imaxe que se dá é bastante penosa e a calidade da práctica deportiva alí redúcese bastante e rogámoslle que axilicen ese tema e o xestionen coa maior axilidade posible, non coa axilidade que os caracteriza senón con maior da que os caracteriza. No que respecta ao campo de

herba sintética, falabamos no Pleno pasado das taxas que se puxeron a ese campo e falaban de que se fixeran uns traballos para recuperar o campo. Trasládolle que o campo segue a ter unha falta de drenaxe importante pola falta de mantemento nestes últimos anos e segue ocasionándose cando hai fortes chuvias ou chuvias moderadas e segue encharcándose dificultando a práctica deportiva, entón facemos un rogo de que faga un esforzo para mellorar as condicións xa non só de forma puntual senón para o mantemento dese infraestrutura porque se non a mantemos dentro dun par de anos o campo vai estar nunha situación tremendamente deteriorada e non vai servir para a práctica deportiva.

Outro rogo, neste caso dirixido ao responsable de Medio Ambiente que tamén nos fan chegar, que parece ser que en moitas ocasións as horas escollidas polo camiión que fai a recollida do cartón non son ao mellor as horas máis acaídas do día en canto á intensidade do tráfico, e xa nos fixeron saber en varias ocasións que cando se produce a recollida do cartón á hora de media tarde se producen grandes colapsos no tráfico e grandes problemas de circulación e que na medida do posible se poña en contacto coa empresa e que na medida do posible faga esa recollida na franxa horaria do día que menos prexuízo cause ás persoas que circulen polas rúas da Estrada e ese dato á parte de telo visto, téñennolo trasladado, que hai queixas nesa dirección. Tamén hai outro rogo sobre as instalacións municipais, xa que como están vostedes tan comprometidos, non quixeron apoiar a emenda do PP en relación aos centros educativos na Estrada, si hai un tema que xa que están tan preocupados nas responsabilidades dos demais, non creo que sexa moi custoso e falando de prioridades houbera sido máis prioritario que poñerlle ou botarlle o parque ás dependencias municipais, seguramente sería moito máis importante solucionar o deterioro que ten o parque da Escola Infantil Municipal (EIM), que non sei se a concelleira o sabe, está nunha situación bastante delicada para a propia saúde dos rapaces que están alí, entón nesa prioridade que vostedes lles dan aos temos, creo que era máis prioritario botarlle o parque e non botarlllo ás oficinas municipais e non se fixo, polo que llo pido e é un rogo que lles fago que tamén nos trasladan que busquen unha solución definitiva para solucionar os graves problemas do firme do parque da EIM.

Sr. Alcalde: Con respecto a iso, pódolle asegurar que o incremento da Xunta de Galicia con respecto ao ano anterior será destinado a ese fin.

Sr. López Campos, do PP: Paréceme unha resposta moi típica súa, no bo sentido da palabra.

Sr. Alcalde: A min a pregunta tamén me parece moi típica súa.

Sr. López Campos, do PP: Ben, pois non o solucionen, eu estou no meu dereito de facer os rogos e vostedes no seu dereito de non facelo.

Sr. Alcalde: Acábolle de dicir que o imos solucionar, co incremento substancial que imos ter no incremento da EIM para o ano correspondente, todo o que suba para o ano anterior imos investilo no parque da EIM, se non houberse incremento, xa buscaremos outros fondos. De todos xeitos, quero dicir que non é a única opción, é a prioritaria.

Sr. López Campos, do PP: Paréceme unha resposta da altura dun alcalde da súa categoría. Tamén temos bastantes queixas de veciños que parece ser que incluso se lle instou a facer unha recollida de sinaturas para solucionar un problema de deterioro de firme nunha estrada que discorre entre Cereixo, Vis de Baixete, Parada e Codeseda, está nun estado bastante deteriorado, que mantiveron unha reunión co alcalde, que se lles instou a que fixesen unha recollida de sinaturas e isto foi no ano 2008 e a data de hoxe non houbo máis noticias sobre esa reparación, e polo tanto queriamos saber en que estado está ese proxecto e se teñen pensado acometelo e se teñen pensado acometelo en que prazo e non me diga que dependerá da subvención

que lle dea o Estado na Participación de Tributos do Estado, porque como sabe vostede teñen 1.200.000 € menos, pero dende logo vostede nese tema non di absolutamente nada.

Sr. Alcalde: É que esa pista que vostede di está incluída no plan da Deputación que estamos agardando a que empecen, que están contratados hai tempo, entón vostede mesmo dígalle a Louzán que empecen cando queiran, e xa está solucionado o tema.

Sr. López Campos, do PP: Perfecto, e a pista que vai dende O Seixo ata a igrexa de S. Miguel, tamén afectada polas obras do AVE na que tamén houbo un compromiso por parte do Goberno Municipal de solucionalo dunha forma inminente e que tamén tivemos oportunidade de comprobar que estaba nun estado deteriorado e que se chega á situación de que a unha zona desa estrada non chega o transporte escolar, que tamén hai danos nos accesos a vivendas e hai problemas con respecto aos foxos e paso de camiións do tráfico pesado e na actualidade está nunha situación difícil e facémolle un rogo de que unha vez máis lle faga chegar á empresa adxudicataria dese tramo do AVE de que polo menos melloren ese tramo, e se van deteriorando as estradas que as melloren para que polo menos lle fagan o menor dano posible aos veciños nesas infraestruturas.

Sra. López Doce, do BNG: Se quere ter información nova esta mesma mañá tivemos unha reunión cos representantes da UTE Ave Ulla que son os que teñen que encargarse do mantemento, están a piques de concluír as obras, faltan aínda uns poucos subministros de material pesado e iso vai retrasar a repavimentación dos viais que van quedar en perfectas condicións, así se lles esixiu mediante depósito dun aval para realizar as obras do AVE, vaise demorar un pouco por ese retraso que tiveron no subministro de determinados materiais e o día 10 manteremos unha reunión con veciños e veciñas para que vexan de primeira man o proxecto de reposición da capa de rodadura dos viais afectados, e transitoriamente, como hai un aval polo medio e vai coller unhas condicións climáticas que non veñen sendo favorables tal e como as tivemos atrás, e neste momento polas baixas temperaturas e van facer un bacheado transitorio que permita aos veciños e veciñas que transitan por esa vía que como todos sabemos é a que vai dar á igrexa de S. Miguel de Castro que ten moito tránsito veciñal, non só dos que viven neses dous lugares, senón de todos os veciños da parroquia.

Sr. López Campos, do PP: Moi ben, outra pregunta, porque estes días levamos unha grata sorpresa polos medios de comunicación cando o Sr. Alcalde manifestou que el non vai facer fronte ao compromiso adquirido do pagamento, porque ten informes de Secretaría en contra e polo tanto estaríamos falando dun acto ilegal e que el non vai cometer ilegalidades, co cal me alegra e me parece que é unha boa decisión e aínda que tarde vostede chegou a unha decisión acertada. Pero isto lévanos a facer unha reflexión e unha pregunta. Xa que vostede descubriu agora a vía da legalidade nas contratacións e nos procesos selectivos e no pagamento de horas extras, a pregunta é: ten o Sr. Alcalde intención de seguir contratando traballadores no Concello da Estrada en fraude de lei?.

Sr. Alcalde: Eu non contratei a ninguén en fraude de lei e entón a resposta é fácil, como non contratei a ninguén non vou contratar a máis. De todas maneiras voulle dicir unha cousa, xa que sacou o tema, voulle contestar a iso. A quen lles deu o ataque de legalidade foi a vostedes con isto do Regulamento da Segunda Actividade, pero eu voulle recordar dous temas que expuxeron vostedes e que os demais partidos votaron a favor, pero sen darlles ataques de legalidade. Parece ser que o ataque de legalidade só vén co Regulamento de Segunda Actividade, e voulle dicir unha que caeu por un recurso da CIG como vostede sabe, acordo ilegal, por iso caeu, Presuposto do 2005 e dous este outro que tamén é ilegal como vostede sabe e que non caeu porque ninguén o recorreu pero evidentemente era un suplemento que é ilegal a todas luces e que se pagaba a todas luces e que se pagaba cos remanentes,

pero non hai remanentes e non se pode pagar. Que hai solución a isto? Como non, a RPT, non hai outro baixo o noso punto de vista, sen ataques de legalidade.

Sr. López Campos, do PP: Eu creo que vostede esta semana tivo un ataque de legalidade, manifestamente claro e ademais inusualmente decidido nos medios de comunicación porque nunca entrara tanto en detalle da repercusión que podía ter un informe de Secretaría en contra, nunca analizara ese aspecto. E non me contestou vostede á pregunta, eu estoulle contestando e voulle repetir se vostede ten pensado seguir contratando persoal na Estrada en fraude de lei.

Sr. Alcalde: Non lle gustou a miña contestación pero voulle contestar rotundamente, non contratei a ninguén en fraude de lei nin penso contratalo, vale?. Se non lle parece claro aclárolle os extremos que estime oportuno.

Sr. López Campos, do PP: O que non me parece é verdade, non claro, paréceme que está faltando vostede á verdade.

Sr. Alcalde: Aí podemos coincidir os dous, eu tamén o penso de vostede.

Sr. López Campos, do PP: O mínimo que pode dicir vostede é a verdade, cando se lle contesta ou cando se lle require sobre un tema que creo que ten unha importancia trascendente e creo que vostede recoñece. Se quere probas, aquí llas traio onde vostede o 28 de decembro do ano 2008 leva unha proposta á Xunta de Goberno Local onde se contrata a unha persoa no Concello da Estrada ata o 31 de decembro de 2010 e onde se reflicte, visto o informe do funcionario encargado de persoal a prórroga proposta, Visto o informe de fiscalización da Sra. Interventora con reparo suspensivo por entender que incorre en fraude de lei, do que consta o seu levantamento persoal en virtude da Resolución da Alcaldía 1630/2009. Isto é un levantamento de reparo suspensivo feito por vostede dun acordo ilegal en fraude de lei e do que vostede aprobou o levantamento do reparo suspensivo para poder levalo a Xunta de Goberno Local e poder renovarlle o contrato a un traballador municipal en fraude de lei, por iso á vista das probas lle pregunto se vai seguir contratando en fraude de lei a funcionarios ou persoal municipal en fraude de lei, é a mesma pregunta e por iso lle pregunto que conteste polo menos a verdade.

Sr. Alcalde: Eu descoñezo de que me está falando agora mesmo, vostede estame falando, saca un papel e non me di que é o funcionario ou traballador.

Sr. López Campos, do PP: Dígollo, Xunta de Goberno Local do 28 de decembro de 2009, sesión ordinaria fóra da orde do día a Xunta de Goberno Local por unanimidade, estando presente o número legal, acordou renovar a urxencia dos temas que a continuación se tratan facéndose constar pola Secretaría que os expedientes non puideron ser examinados con anterioridade, polo que de non deixarse sobre a mesa non se pode facer informe ningún sobre os acordos que se adopten, polo que esta Secretaría Xeral declina toda responsabilidade remitíndose aos informes que obran no expediente.

Sr. Alcalde: Mire,iso téño lido multitude de veces nas actas da súa Xunta de Goberno, non mo repita que xa o sei de memoria, dígame quen era o traballador.

Sr. López Campos, do PP: Vostede pediume que llo lese e eu cítolle para que non dubide de que eu me refire a datos concretos. Punto F da orde do día vista a proposta da concelleira de benestar social Dona Ana Asorei de data 21 do 12 do 2009, respecto da prórroga do contrato do traballador social Don Luís Magariños Carbia. Sóalle non?, ata o 31 de decembro do 2010, visto o informe da xefa de departamento e Servizos Sociais do 21 do 12 do 2009, visto o informe do funcionario e encargado de persoal de data 28 do 12 do 2009 en sentido desfavorable á prórroga proposta, visto o informe de

fiscalización da señora interventora de Fondos Municipais, con reparo suspensivo por entender que se incorre un posible fraude de lei do que consta o seu levantamento en virtude de Resolución da Alcaldía 1.630/2009, por unanimidade a Xunta do Goberno Local adopta os seguintes acordos: prorrogar o contrato do traballador social Luís Magariños Carbia ata o 31 de decembro do 2010. Notificar o presente acordo ao interesado así con traslado do mesmo á Intervención de fondos municipais, Tesourería Municipal, Departamento Municipal de Persoal.

Sr. Alcalde: Ben, agora estamos todos máis situados, evidentemente fíxose a prórroga por que se necesitaba a ese traballador, de todas maneiras vostede non acaba de descubrir esta fórmula hoxe. E senón voulle traer eu todas as contratacións que na Xunta do Goberno anterior se fixeron nestas condicións, é dicir que vostede ven aquí sorprendidísimo, sorprendidísimo entende?, isto eran cousas habitual que habitualmente se facían, e pódolle falar de Protección Civil, pódolle falar de funcionarios que aínda hoxe aquí están contratados de xeito irregular, aínda hoxe e polo tanto o que lle acabo de dicir, se vostede considera que debería ir aos tribunais adiante, non se corte vostede un pelo vaia vostede aos xuízos que queira, presente as demandas que queira por prevaricación contra o alcalde o que vostede diga, nada máis esa fíxose porque era necesario facelo e fíxose e se cando sexa necesario facer iso pois volverase facer, e cando sexa necesario contratar horas extras volveranse a facer. Nada máis, nada máis que dicir.

Sr. López Campos, do PP: Moi ben, ao xuízo xa van os traballadores e xa o sabe vostede ademais que están contratados por este mesmo sistema, cunha diferenza, que cando foron contratados na etapa anterior como di vostede que eu non desculpo a ninguén e paréceme perfecto se se facía eu desde logo non o comparto, eu non o fixen ademais, pero eu non o comparto, pero eses traballadores hai unha diferenza e é que cando se contrataban non había informe en contra da interventora municipal e vostede acaba de negar ante este Pleno que vostede contrata en fraude de lei o cal é falso, acaba de faltar a verdade.

Sr. Alcalde: Ben mire isto non é un debate, eu contesteille á pregunta. Se ten outra pregunta para facer. Non retorza os argumentos.

Sr. López Campos, do PP: Non eu non retorzo. Vostede mentiu. Vostede mentiu e eu demóstrallo. O mínimo que debe de facer é recoñecelo.

Sr. Alcalde: Si, eu minto sempre. Ben ten algunha pregunta máis?. Porque non lle vou consentir ningunha pregunta máis a este respecto.

Sr. López Campos, do PP: Si. Claro que si. Eu non me corto, nin me poño nervioso, non se poña vostede nervioso tampouco.

Sr. Alcalde: Si estou nerviosismo, non vou durmir esta noite.

Sr. López Campos, do PP: Home, certo, véxoo un pouco alterado. Nervioso non, pero algo alterado si. Estaba máis simpático hai un rato. E sigo.

Sr. Alcalde: E sigo moi simpático.

Sr. López Campos, do PP: Entón en relación, a este tema que eu creo que é un tema importante.

Sr. Alcalde: Si , importantísimo.

Sr. López Campos, do PP: Xa que queda constatado que vostede contratou en fraude de lei advertido ademais e reparado, vostede, levantamento reparo suspensivo, a pregunta e agora xe pido que me conteste honestamente. ¿Vai vostede seguir contratando en fraude de lei no Concello da Estrada? Porque ademais vostede, sabe que hai escasos días algún traballador deste Concello nunha situación moi similar a esta fixo unha reclamación e pode ter visos de prosperar é dicir, o que causa un prexuízo moi importante para este Concello. E non só iso senón que ademais o que se está intentando facer é un fraude de lei xusto como pon o texto da señora interventora porque se está intentando pola porta de atrás meter persoas que son ou serán en virtude dunha sentenza xudicial favorable, funcionarios, indefinidos no Concello da Estrada ou laborais indefinidos no Concello da Estrada, para ser máis concretos. Entón, están intentando con esta operativa evitar un proceso de concorrencia competitiva, de selección de persoal e dunha oposición limpa e transparente e o que están facendo é abrindo a porta de atrás para que poidan entrar.polo tanto voulle facer un rogo e é que non siga utilizando estas prácticas porque o único que está facendo é prexudicar ao Concello da Estrada, e prexudicar os intereses dos veciños e veciñas da Estrada.

Sr. Alcalde: Ben esta e a traca e a traca final. Imos a ver, un traballador que vostedes contrataron de xeito ilegal vostede sabe que vai gañar o xuízo porque ten razón, porque non se poden contratar así os traballadores municipais como autónomos xa houbo sentenzas neste Concello e agora resulta que teño eu a culpa de que entre pola porta de atrás.

Sr. López Campos, do PP: Si, si vostede renovoulle o contrato no ano 2008 co informe de Intervención encontra. Vostede.

Sr. Alcalde: Evidentemente. Vostede que quería que o votara á rúa?.

Sr. López Campos, do PP: Non, non eu non quería que o votara á rúa. Vostede.

Sr. Alcalde: Mire. Non vou discutir contigo. Quedou claro a súa argumentación quedoume absolutamente clara. Déixeme falar. E pida a palabra cando queira intervir. Veña aquí a dicir,vostede minte, pois vale é a súa opinión. Non me interrompa por favor.vale, ben me parece perfecto vostede diga que minto eu cantas veces queira, veremos haber quen ten máis credibilidade ao final. Ten algunha outra pregunta?.

Sr. López Campos, do PP: Por suposto no Pleno anterior me parece recordar que fixemos un rogo, e estes días tamén tivemos a oportunidade de comprobar a situación na que está a zona que, da Rúa da Cultura que tivo problemas dun cubrimento de terras e desde logo que se produciu un socavón importante e que está pechada, semipechada ao tránsito. Nos sigue preocupando por que si e certo que ai unha gran cantidade de auga que segue oradando, que segue degradando terreo e que como non actuemos de forma rápida nos pode causar un prexuízo moito máis grave e desde logo incluso pode causar certos danos materiais que poden ser irreparables. Polo

tanto, quero formular a pregunta de ¿cando teñen pensado vostedes arranxar os danos producidos no inverno pasado, co derribo desa parte da beirarrúa na Rúa da Cultura?.

Sr. Alcalde: Ben, de momento non hai ningún informe técnico que diga que hai ningún perigo e cando o Concello teña os recursos necesarios para cometer esa reparación primeiro terán que dicir os técnicos a quen corresponde. Como vostede sabe isto foi froito dunha riada, que alleo totalmente á vontade do Goberno, caeron outros muros, que se repararon porque había que reparalos por que caeu á rúa, de momento aí non temos como lle dixen ningún informe técnico, que diga que hai ningún tipo de perigo, e polo tanto que cando teñamos recursos suficientes pois acometerase a hora.

Sr. López Campos, do PP: Estou completamente convencido que a culpa desa riada non foi culpa do Goberno, ao mellor foi culpa do PP, porque como vostedes, a culpa sempre é do PP todo o que pasa. Está claro que do Goberno non é. Pero o discurso dos recursos valga redundancia empeza a ser un pouco cansino, vostedes tiveron moitos recursos, que puideron ter investido en moitos temas como estamos vendo.

Sr. Alcalde: Ten algunha outra pregunta?, porque non vou debater máis veces con vostede, se non mo cre tereille que dicir que lle contesto por escrito, xa llo dixen máis dunha ocasión, faga preguntas eu contéstollas e se quere facer outra fai outra, pode facer 200, pero que non imos a debater máis.

Sr. López Campos, do PP: Pero eu non estou abrindo o debate. O único que se está dando por aludido é vostede.

Sr. Alcalde: Non, non, non eu non me dou por aludido. Non me dou por aludido a nada. Xa digo que non lle vou a permitir máis debates.

Sr. López Campos, do PP: Eu o único que estou facendo e a miña intervención. Eu non estou debatendo.

Sr. Alcalde: Ben, faga a seguinte pregunta.

Sr. López Campos, do PP: O que lle estou dicindo é que independentemente de que teñan o informe técnico ou non, nós solicitamos xa en varias ocasións que se procedese a arranxar ese, ese socavón e en certa medida apuntalar a zona para que non se produzan danos maiores, e a nosa pregunta é se o Goberno fixo xa algunha xestión para intentar encamiñar a solución a ese problema.

Sr. Alcalde: Contestareille por escrito.

Sr. López Campos, do PP: Tamén temos un rogo comprobada, a mecánica que estamos utilizando no que son os plenos, comisións e actividade do Concello. Seguimos encontrándonos co problema de que o Concello non facilita toda a información necesaria no seu portal, na súa paxina web, iso si utiliza a paxina web iso si, utiliza paxina web para colgar notas de prensa de critica dura contraposición iso si que vale a paxina web oficial do Concello a cal pois eu creo que é claramente unha mostra do que se utiliza do que

saben vostedes o que é utilizar as administracións publicas da parte política diso si que non teñen ningún tipo de problema pero si fallan no que e a parte de participación cidadá, produto dos acordos moitos das actas da Xunta de Goberno Local e de plenos non están actualizadas e polo tanto rogamos e pedimos unha vez máis que se faga o traslado, que se lle traslade aos concelleiros desas actas e deses acordos da Xunta de Goberno Local como xa acordamos en máis dunha ocasión de forma telemática. E nesa liña tamén comprobamos que nunha gran parte do Concello e consultado o ROF aconsella que se faga unha práctica máis operativa para todos os que formamos parte da Corporación Municipal e dígoo no aspecto de que nós vimos a este Pleno hoxe e unha das partes de antes do control da xestión é a de dación de contas e da resolución da Alcaldía pero realmente a oposición non recibe ningún tipo de resolución por parte da Alcaldía. Si que noutros moitos Concellos e o ROF así o aconsella que a practica sexa que se entreguen as resolucións da Alcaldía polo menos aos voceiros da oposición para que poidan analízalas en papel e que se entregue un.

Sr. Alcalde: Pode rematar, pode rematar.

Sr. López Campos, do PP: A vale,vale vexo un tanto alterado hoxe.

Sr. Alcalde: Non faga xuízos de valor señor López, continúe.

Sr. López Campos, do PP: Eu creo que estou. Eu creo que estou facendo o meu papel de oposición e e o que e unha practica habitual

Sr. Alcalde: Non iso non é oposición.

Sr. López Campos, do PP: Podo continuar?

Sr. Alcalde: Cando queira.

Sr. López Campos, do PP: O que é habitual é que a aparte así o pon textualmente o ROF e a secretaria así pode dicir se é así ou non, que se facilite os medios para que a oposición teña acceso a todas as resolucións da Alcaldía e por iso imos facer un rogo para que a partires de agora se nos faga entrega nos Plenos e se cumpra con facernos chegar as resolucións da alcaldía e se nos faga entrega dunha copia das resolucións asinadas polo alcalde durante todo o mes e que se nos faga entrega desa documentación o día do Pleno.

Sr. Alcalde: O que non vou permitir é que vostede deixe no aire que lle estamos privando información, entón por moita argumentación que faga sobre nada non llo vou permitir, vostede ten a información que vostede queira á súa disposición, vostede sábeo e os funcionarios sábeno e se vostede non quere consultar ou fotocopiar ou levar para a casa resolucións da Alcaldía é porque vostede non quere, pero non deixe caer aquí que eu non lle informo sobre as resolucións da Alcaldía. Se ten algunha outra pregunta que facer fágaa pero non vai haber debate, que como siga neste plan retírolle a palabra.

Sr. López do PP: Pero vamos a ver, eu creo que estou nun plan tranquilo e que estou.

Sr. Alcalde: Non lle vou permitir que poña en dúbida que aquí se lle oculta información, iso non llo vou permitir porque é falso, polo tanto non hai rogo ningún.

Sr. López do PP: Pero está vostede un pouco desquiciado e está falando nun tono un tanto airado.

Sr. Alcalde: Estou falando nun tono enérxico, retírolle a palabra Sr. López. Sr. Reboredo ten a palabra.

Sr. López do PP: Pídlle que teña un respecto cos compañeiros de Corporación, é o terceiro insulto que profire contra min ao baixini cos seus compañeiros, polo que pido un respecto.

Sr. Reboredo Baños: Dúas preguntas e dous rogos, hai aproximadamente tres semanas no CEIP de Figueroa tivemos un incidente provocado por un temporal que provocou que as augas fecais inundasen o patio de infantil, co risco que iso supón para a saúde dos nenos e ao mesmo tempo tamén anegaron o que falamos antes, os pasos elevados, que non están ben feitos e provocan embalsamentos de auga tamén con augas fecais e é certo que eu chamei ao Concello e alí estivo un técnico e estivo o concelleiro, pero a día de hoxe non sabemos se se vai intervir, pero estamos en pleno inverno e a situación cremos que é bastante grave como para non pospoñer esa intervención.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Quérolle explicar a vostede a solución buscada, que é cortar as pluviais uns 200 metros máis arriba do colexio de Figueroa, co que teoricamente se debese subsanar teoricamente aí, que o dubido porque hai outros problemas que hai que relacionar con todas as edificacións do entorno e que provoca os desbordamentos aí. E logo hai que mirar tamén no interior do colexio como está e haberá que cambiar as tuberías de dentro que son as que están provocando o anegamento, e vanse meter como unhas reixas para que circule con maior fluidez a auga, porque un tubo de 62 non permite iso. Á empresa que se lle adjudicou instóuselle a que executen a obra canto antes lle sexa posible, polo que o cruzamento ese para cortar as pluviais en breve estará subsanado e a operación que hai que facer no interior haberá que facela cando non haxa alumnos e agardemos que con esta limpeza que se lle fixo agora vaia funcionando e logo acometelo con solvencia.

Sr. Reboredo Baños: Falamos aquí moito das instalacións deportivas e do frontón e eu quería dicirlle ao concelleiro que a miña impresión persoal é que as instalacións deportivas están nunha situación de bastante abandono. Non sei se será por falta de recursos, pero é que no Coto Ferreiro tamén hai máis problemas, porque na pista estase levantando o solo e estase pegando con pista adhesiva, e creo que é unha deficiencia que hai que ter en conta porque un día vai haber unha lesión importante e hai que anticiparse a arranxalo.

Sr. Castro Blanco, do BNG: Esta mesma semana estivemos vendo un técnico municipal e este concelleiro que lles fala os danos e posiblemente o da cinta adhesiva sexa unha solución provisional e posiblemente iso se arranxe soldando a goma nun sitios determinados, non só diante das áreas, en moitas partes do campo, pero estamos en que antes de fin de ano vanse desprazar reparalo.

Sr. Reboredo Baños: Voulles facer un rogo tamén sobre instalacións deportivas, non lles vaia pasar co pavillón acaroado ao Coto Ferreiro igual que lle pasou ao Goberno coas beirarrúas de Codeseda, consulten á secretaria e pídanlles permiso ao xulgado e declarándoo de utilidade pública, executen as obras, porque non vaia ser que estean agardando, é un rogo si, dígolles que consulten vostedes á Secretaría e miren se unha vez que hai unha resolución xudicial, xustificándoo evidentemente, se poida actuar. Non vaia ser que despois lles pase o mesmo.

Sr. Castro Blanco, do BNG: Alcáreme se agora se estaba a referiri ao Coto Ferreiro ou ao Multiusos.

Sr. Reboredo Baños: Ao Multiusos, que o consulte a ver que lles din. E por último un rogo ao Sr. Alcalde, mire é certo o que lle dicía aí o compañeiro antes de entrar nese debate máis agrio, a que vostede fai referencia á falta de recursos e a que non

tiñamos recursos, pois saia vostede do Concello, vaia petar ás portas pedindo recursos, porque en tres anos e medio que leva vostede aquí, poucas veces se veu fóra do Concello pedindo recursos e os únicos que xestionou foron os que lle tocaron na lotería que lle mandou o Sr. Zapatero que agora estamos pagando todos e que imos pagar no futuro, polo tanto saia vostede do Concello, vaia petar ás portas e xa verá como ten vostede recursos para moitas máis actuacións das que está facendo.

Sr. Alcalde: Eu teño pedidas varias entrevistas que non se me conceden. Si a fórmula xa a sei, este é o sistema democrático que vostedes empregan, pero eu non teño problema en ir a onde faga falta. De todos xeitos as obras non viñeron só de Zapatero, as que se fixeron, a traída, as beirarrúas de Vilar, D. Nicolás, si vostede non está enterado, parte das beirarrúas de Vilar fíxoas o Concello e parte das beirarrúas de Vilar fíxoas a Xunta de Galicia, non está enterado pero ten os expedientes a disposición para consultalos, polo tanto dígalles aos seus amigos que cando teñan a ben recibirme que lles farei todas as planificacións que vostede di, todas e máis, non se preocupe que eu non teño medo a saír da casa. Si vou ter que facerme respectar, sobre todo cando se fan obras sen permiso do Concello no Concello da Estrada, aí si que me vou ter que facer respectar, pero en calquera caso ese é tema doutro debate.

Sr. Alcalde: Antes de rematar quero dicir publicamente que retiro todas as palabras que dixese que poidan resultar ofensivas para calquera membro da Corporación. Non era a miña intención molestar a ninguén, nin é a miña intención nunca levar o debate ata estes extremos. Grazas.

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas e trinta minutos.

A Estrada, 2 de decembro de 2010

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito